O ESCUDO MUNICIPAL DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE PORTO DO SON

DEDICATORIA

Este libriño está adicado a miña filla Ana María e a todas e todos os que amen de verdade as incomparables paisaxes mariñas presididas por o maxestuoso e máxico Monte Louro.

PRESENTACIÓN

Adicarlle unhas páxinas ó escudo municipal do concello de Porto do Son é un labor difícil e complexo. O primeiro obstáculo que hai que salvar deriva da carencia absoluta de documentos no Arquivo municipal. Un incendio, ocasionado por un secretario enfermo e alcohólico, segundo apunta José Barreiro Barral, *Historia de Porto do Son y su distrito*, 1989, páx. 112, deixounos sen unhas fontes históricas imprescindibles para abordar importantes aspectos do pasado. E sobre todo determinou que quedasen no anonimato as obras que o Concello contratou durante uns trinta anos, desde 1870 a 1900, período no que, por outra parte, fixéronse fontes, erguéronse pontes e cruceiros ou construíuse a Casa Consistorial na 'Rúa de Fernando Fariña'; afortunadamente, nalgunhas destas construcións podemos ler a data da súa inauguración.

Outra dificultade engadida consiste na escasa información e os imprecisos datos que subministran un par de documentos procedentes da Alcaldía e que se conservan no Arquivo Histórico Nacional, en Madrid. Neles podemos comprobar ata onde chegaba a desidia e mesmo a indolencia das autoridades locais do ano 1876, só uns meses despois de estrear o Consistorio. En efecto, como se lle solicitaron polo Ministerio de Fomento os datos históricos, cronolóxicos e gráficos sobre os selos que se usaban nas oficinas municipais, mándanlles unhas defectuosas estampas, nas que incluso a tinta deixou unhas inoportunas manchas; pero é que ademais en ningún momento se alude á súa historia e nada se concreta sobre o tempo en que están en uso, que era precisamente o que se lles pedía.

Restauración da fonte do Campo da Atalaia. Cando se empedrou a antiga fonte da Praza do Campo, cometeuse un tremento error. Na reproducción do escudo municipal figura dentro da "Camboa" unha barquiña coa súa vela triangular despregada. Tan só a uns cen metros máis abaixo, na fachada da antiga cas do Concello podemos ver como no interior dos peiraos vese con absoluta claridade que se trata dun bergantín – goleta de dous pans. Tamén nas primeiras reproduccións oficiais impresas hai a mesma confusión.

Foto 1.- O frontal da fonte do Campo da Atalaia.

Estas son as razóns que fan moi complicado o labor de investigación para quen queira estudar a historia local do século XIX. O único camiño a seguir, se se trata dunha obra realizada polo concello, consiste primeiramente, en realizar unha análise minuciosa da súa estrutura ou composición, e dos seus elementos decorativos. En segundo lugar, efectuar un exame comparativo con outros exemplos que amosen algunha característica ornamental ou compositiva similar, e teñan unha cronoloxía parecida. Aínda que adaptado a un contexto diferente, a aplicación do sistema que se usa na Lingüística resultou moi eficaz e permitiu ampliar considerablemente o noso coñecemento do escudo. A consecuencia máis relevante é que subministrou unhas

interesantes bases para centrar a figura do mestre canteiro que o elaborou. Por suposto que eran condicións indispensables non só ter un coñecemento da antiga estrutura portuaria, senón tamén da morfoloxía da enseada da Vila, e percorrer as parroquias do Concello.

Trátanse moitos temas, profundízase nas características de varios relevos, e mesmo parece que se perde o fío principal cando se fan análises históricas e simbólicas dalgunhas obras, que conteñen os mesmos elementos ornamentais usados no escudo. Pero todos estes círculos veñen a ser concéntricos e conducen a identificar a orixe do artífice do escudo. E, á vez, nos permiten ampliar o campo das manifestacións da arte popular do século XIX.

Respecto o tema, ata agora nunca tratado, da simboloxía de tantos sogueados, do sistemático uso da decoración floral, das repetidas cariñas de anxo dos cruceiros, ou mesmo das serpes, teñen como finalidade completar o estudo daqueles motivos que poden resultar pouco comprensibles. E por outra banda, a incursión cronolóxica permite deducir a existencia dunha longa tradición de elementos decorativos, e por conseguinte supoñer que houbo unha escola de canteiros locais, de cuxos obradoiros saíron os hórreos, cruceiros, reloxos de sol, lousas sepulcrais e nichos, fontes, cruces de morto, petos de ánimas, escudos, santos e capelas, que se espallan polas terras de Porto do Son.

En resumo, este foi o sistema utilizado para recabar a maior información posible sobre a nosa pedra de armas municipal. E cómpre puntualizar que non se coñece o nome do mestre canteiro que a labrou, pero temos suficientes probas e indicios materiais, conceptuais e ata simbólicos, que permiten

supoñer que se trataba dun artista, que sen dúbida, pertencía á escola sonense de canteiros, e os datos apuntan que era ou estaba moi familiarizado coa parroquia de Sta. María Nebra; que ademais realizou máis encargos para o Concello, a totalidade están na mesma Vila e Porto do Son. E por outra banda, algúns dos recursos artísticos usados no escudo deixaron unha forte pegada noutras obras espalladas pola capital municipal e por outras parroquias.

Cando se fai un estudo polo miúdo do escudo municipal verifícase a enorme precisión con que se representan todos os detalles da descrición xeográfica da enseada da vila, da vista frontal da igrexa parroquial de San Vicente de Noal e, sobre todo, da incrible exactitude con que se reproduce a dársena ou porto da 'Comboa'. Algúns dos pormenores dos peiraos ou da goleta de dous mastros, que a acubillan, só poden ser obra dunha persoa que estivese moi familiarizada coa zona portuaria. Pero resulta que ademais tiña un excelente coñecemento das obras de engrandecemento e ampliación do pazo dos Caamaño de Nebra, que rematan a principios do século XVIII. Daquel recinto pacego tiña moi presente a decoración da súa brasonada porta barroca, pero tamén da fonte que hai no seu interior, onde precisamente nunha inscrición pódese ler que as obras rematan en 1707.

Por outra banda, utilizou moitos recursos decorativos propios da escola sonense de canteiros e que teñen unha longa tradición. Hainos de estirpe medieval, que se viñan repetindo de xeito continuado nos ambientes funerarios, nos reloxos de sol ou mesmo nos cruceiros. O exemplo máis significativo é o caso das rosetas hexapétalas, símbolo astral, das que hai unha boa cantidade de exemplos na parroquia de Sta. María de Nebra.

De momento, como xa se dixo, non podemos saber o nome do artífice do emblema municipal, pero grazas ós detalles que deixou plasmados en todas as figuras do interior do seu campo, os elementos ornamentais exteriores que o rodean e, sobre todo, o alto grao de perfección técnica, puiden elaborar estas páxinas. Pasaron moitos anos desde que se ergueu o vello Consistorio. Descoñezo se algunha vez o felicitaron polo seu bo traballo. Pero desde aquí penso que é merecedor da nosa admiración e, persoalmente, ríndolle unha especial homenaxe a tan grande artista.

E cando xa están a desaparecer os artesáns da pedra, sería importante que os descendentes das familias de canteiros que houbo na parroquia de Sta. María de Nebra, se esforzaran en lembrar algún dato que nos puidese conducir ó autor de tantas magníficas obras dos anos 1874-1877; varias levan a súa impronta, e pode haber máis que eu non sometín a estudo.

É mágoa que os mestres canteiros non deixasen a súa marca persoal ou algunha sigla do seu nome. Pero non era o costume na arte popular. Por esta razón hai que examinar con moito coidado as obras que deixaron, e facer grupos das que presentan algún tipo de paralelismo ornamental ou estrutural. Deste xeito, posuiriamos unhas bases o suficientemente válidas para un estudo da escola sonense de traballadores da pedra. Moitas canterías labradas do pazo dos Caamaño de Nebra proceden de canteiros naturais do Monte da ‘Enxa’; a pedra da ‘Enxa’ ten sona en todo o Concello.

INTRODUCIÓN

Con estas páxinas inténtase conseguir varios obxectivos. En primeiro lugar, proporcionar unha base de datos mínima sobre o tema da heráldica civil –ata agora nunca tratada– do Concello de Porto do Son. En segundo lugar, dar a coñecer o noso emblema municipal que se atopa na fachada do 'Centro de Interpretación do Castro de Baroña', antiga Casa Consistorial, na Rúa de Fernando Fariña. Debaixo do ángulo formado polas dúas vertentes do tellado, o tradicional remate en pincho das máis antigas casas mariñeiras da Vila, destaca un reloxo de mármore branca, e uns centímetros máis abaixo localízase o escudo municipal. Está ben á vista.

En terceiro lugar, preténdese acabar definitivamente coa confusión de reproducir unha barquiña veleira en vez dunha goleta de dous mastros dentro do antigo porto da 'Comboa'. Este erro cometeuse ó restaurar o frontal da 'Fonte do campo da Atalaia' (vid. foto 2), pero tamén nas ilustracións dos únicos dous libros que tratan da historia do Concello, erro incomprensible que axuda a manter o equívoco, e que xa afortunadamente, desde o ano 2000, a correspondencia e propaganda oficiais tratan de subsanar.

Lámina I.- O escudo coa barquiña dentro do porto da "Comba". Os dous libros que falan do Son cometen o mesmo erro.

Por outra banda, o símbolo, sen dúbida, más apreciado por todos os sonenses está en perigo. Desde a primavera do ano 2008, a construción dun bloque de vivendas de tres plantas e garaxe soterrado, a tan só catro metros do histórico edificio municipal, prexudicou seriamente ó escudo. Apareceu atravesado por cinco fendas case paralelas que o cruzan darriba abaixo, e no interior da vella fábrica outras seis fendas ameazan os puntos clave da súa estrutura.

E, finalmente, intentamos abordar unha delicada cuestión. É moi posible que haxa que adaptar o escudo municipal ás novas normas e principios heráldicos que está elaborando a Comisión Heráldica da Xunta de Galicia para unificar criterios e principios xerais de aplicación nos máis de 300 concellos galegos. Aínda que se consiga unha concesión expresa, parece que o único timbre admitido será a da coroa real pechada; e en canto ó seu orixinalísimo marco, se cadra o único en Galicia e, posiblemente, no resto do Estado, que ten a forma de 'corte vertical de mazá', vai ser moi difícil amoldar a súa metade superior a un marco co seu xefe rectangular, como o que parece se pretende impoñer para todas as pedras de armas municipais.

Noutra orde de cousas debo dicir que aínda non paso de ser un aprendiz na profesión da defensa e divulgación do noso patrimonio cultural, desde hai máis dunha ducia de anos veño abrindo camiños que nunca foron transitados. Primeiramente, intentei dar a coñecer o tema da fidalguía local, cos seus pazos, escudos e linaxes. A familia nobre dos Patiño de Noal sería tratada nunha próxima publicación que leva por título *Os escudos do Concello de Porto do Son*. Logo tratei de expoñer unhas bases, sempre mellorables, da Toponimia ou explicación dos nomes de lugar de todo o municipio, e da

Antroponimia ou orixes, significado e armas de máis de 1000 apelidos, tanto tradicionais como dos segundos residentes, do noso Concello. Pero debo dicir que hai temas que son moi difíciles de abordar. Resulta extremadamente complicado estudar as manifestacións históricas e artísticas do século XIX. Hai que facer sempre un gran esforzo. E a non ser que se produza un imprevisto, invariablemente quedarán no anonimato. A desastrosa actuación daquel incompetente empregado municipal ó que antes e aludiu, fixo que os datos máis antigos que posúe a historia local sexan do ano 1900 en adiante. Ante este proceder, a un invádelle o desalento, e se non fora polo interese que amosan moitos veciños cos que falo cando veño a pasar as vacacións de verán, e tamén a propia satisfacción de dar algunha explicación, a moitos interrogantes que arrastro desde unha data clave para min, o día en que os meus irmáns J. Manuel e Humberto, me levaron a visitar o pazo dos Caamaño de Nebra, o 20 de agosto de 1956. Desde aquel momento, estiven esperando ler algunha información de interese, e como ninguén se animaba a dar referencia ningunha dos temas, que, practicamente desde aquela data, foron obxecto da miña atención, decidín seguir o costume de Juan Manuel e procurei facerme cunha pequena colección de fotos. A gran variedade de varandas de ferro forxado dos balcóns, moitos hórreos e cruceiros, e algunhas chemineas de gran tamaño, recibían o enfoque da miña máquina cada verán. O labor de campo realiceino pola mañá cedo. Un ano tocáballe ás cruces de morto, petos de ánimas, ou a antiga fábrica de salgado de peixe dos Señores de Ferrer, na vila; e outro ás fiestras con montante, ás inscricións, ou ós escudos do interior da igrexa de Sta. María de Caamaño. Unha vez tiven moita sorte. Cheguei a tempo de plasmar unha impresionante pintura mural sobre linóleo, que xa

desapareceu. Viraa por primeira vez cando era un rapaz na casa dos Señores de Daviña. Trátase dunha escena campestre con dúas figuras. Un vello cos seus cabelos brancos que da a súa man dereita a un rapaciño que leva un bastón dos de tipo tau. A composición, que nun principio formaba parella con outra, adornaba o teito da botica da 'Praza da Fonte'. E debido a que houbo que arranxar as táboas do piso da primeira planta, cando eles non estaban, arrincaron a plancha de case 4 x 4m. O deterioro foi tal que os seus donos non foron capaces de recuperar aquela bonita pintura de finais do século XIX. Debo engadir que o establecemento contaba cunhas magníficas e artísticas estanterías de madeira para o botame, as cales ían adornadas cun relevo circular ben traballado; no seu centro, e dentro dunha orla, van as iniciais do fundador da botica, e na parte interior a data de 1892 (vid. foto 2).

Foto 2.- Mural do teito.

Debuxo 1. As figuras e obxectos principais da escea. Neste cadro está representada toda a iconografíaesculapiana, o bastón coa cobra, a serpe ensarillada, a calivera sobre os libros, o tarro de opium, a maletiña cos medicamentos, e lóxicamente o venerable barbudo e o seu filliño. Toda unha representación alrgórica que cosegue uns bos efectos volumétricos.

Foto 3. O traballado relevo que ía sobre o nicho central da estantería para o botame. No centro as siglas do fundador e debaixo a data de 1.880

Ás veces, elixo algunha destas singulares fotos que me lembran as miñas impresións de cando era moi novo. Antes de adicarme a xuntanza de materiais para o libro *O antigo pazo dos Caamaño de Nebra*, 1997, adoitaba botarlle unha ollada a magnífica e artística fonte-estanque que se conserva no interior daquel recinto pacego. Para a historia local, aquel historiado frontal, cheo de inscricións, datas e monogramas en grego e en latín, non existía. E tamén sentía unha certa perplexidade respecto ós escudos do interior da igrexa de San Vicente de Noal, que a min tanto me impresionaran cando era neno, e que pensaba que só os había en cidades como Noia ou Santiago, onde sempre vivín. Estaba ben confundido. Anos despois, souben que no Concello de Porto do Son había quince escudos, e que podía haber máis. Polo tanto, sempre quixen coñecer os datos e a información artística dalgunhas 'cousas' que garda o meu arquivo fotográfico.

Unha vez díxoseme que tiña a responsabilidade moral de poñer en coñecemento de todos a información artística, bibliográfica e cultural que gardaba para min. Prometinlle ós profesores Río Barja e don Manuel Remuñán que pronto ían comprobar como cambiaba de actitude. E con traballiños coma este penso que estou a cumprir a miña promesa.

O ESCUDO MUNICIPAL DO CONCELLO DE PORTO DO SON

A primeira dificultade con que nos atopamos para intentar facer un estudo do noso escudo municipal é a case total ausencia de bibliografía e a carencia absoluta de documentos no Arquivo Municipal.

Nunca antes se lle adicaron unhas páxinas ó antigo porto da 'Comboa' ou a igrexa de San Vicente de Noal, que son as dúas figuras que vemos representadas no noso emblema heráldico con bastante fidelidade xeográfica. Desde a enseada da vila o porto queda á esquerda e a igrexa está á dereita. Claro que desde o punto de vista do propio escudo, a Heráldica considera que os peiraos nacen do seu flanco destro acompañados dunha igrexa no flanco sinistro.

E por suposto, tampouco un especialista no tema tivo a oportunidade de ofrecernos a súa descrición heráldica. De momento, o único intento que hai neste sentido figura na páxina 384 do libro *Os apelidos do concello de Porto do Son* (Joaquín Torres, 2006), que posiblemente haxa que reelaborar reducindo a súa extensión. Cando me atrevín a ofrecer a súa lectura, xa pensaba que nun futuro próximo habería que adaptar a nosa pedra de armas oficial ás normas que hoxe impón a actual situación política e, polo tanto, no seu redeseño haberá que aplicar a coroa real pechada como timbre. Esta decisión correspóndelle por lei á Comisión Heráldica da Xunta de Galicia, organismo que se encarga de realizar as posibles reformas. O concello terá que estar ben informado e asesorado; e se hai a posibilidade, debe tratar de conseguir algunha concesión especial que permita manter o seu orixinalísimo deseño.

Non existe en toda a Heráldica española unha pedra armeira con esta mesma traza.

Por outra banda, imos lembrar os datos que ata o ano 2008 se poden atopar nas publicacións sobre a historia do Concello.

En primeiro lugar, adícanselle unhas liñas á cuestión simbólica do edificio relixioso representado á dereita dos peixes, v. g. á esquerda, o que tamén coincide coa súa situación real na enseada da vila.

Como xa se dixo na Introdución, resulta sorprendente que as dúas publicacións que tratan sobre a historia local, contan ben no seu interior ou ben na contraportada cunhas inexactas ilustracións do escudo municipal. Nelas a 'Comboa' ou antigo porto garda un veleiriño e non un buque maior, unha espléndida goleta de dous paus. Durante bastantes anos da democracia parece que non se percataron de que no escudo orixinal figura un bergantín goleta de alto porte. Este erro de apreciación subsanouse a partir do ano 2000 por parte do goberno local, dirixido por D. Ramón Quintáns.

En canto ó templo representado, as opinións sobre cal dos edificios relixiosos que se erguen na costa son diverxentes.

Para José Barreiro Barral, *Historia de Porto do Son y su distrito*, 1989, páx. 108, "... el pueblo de Porto do Son y como bien merecido homenaje convirtió a la Atalaya en el símbolo heráldico preferido de su blasón oficial...". Pero máis adiante, na mesma páxina, da conta do párroco don Francisco Seárez Magariños, home de especialísimo carácter, terco e ditador, que por non estar de acordo coa intervención das Confrarías de San Roque e dos Terciarios franciscanos no funcionamento do culto da capela da Atalaia, acabou por mandala pechar. Co paso do tempo o vello edificio sufriu os

deterioros propios do seu abandono e derrubouse o teito. Magariños entón decidiu erguer outra capela, a da Nosa Señora de Loreto, mesmo nun campo limítrofe entre a súa parroquia de San Vicente de Noal e a de Sta. María de Nebra. Segundo consta nunha inscrición da súa fachada, rematáronse as obras no ano 1898. E como o pasamento do párroco se produciu ó pouco de inaugurar a súa capela, o pobo de Porto do Son acometeu pronto as obras de reparación do antigo santuario da Nosa Señora da Misericordia da Atalaia. E sinala Barral esta puntualización: "... en la reparación se amplió el santuario con las mismas dimensiones actuales, construyéndose la nave principal desde el presbiterio hasta la puerta mayor y se dotó de torre para las campanas...". Polo tanto, o autor, posiblemente sen darse conta, cae nunha contradición, pois o edificio relixioso, que figura no escudo, dispón dunha alta e centrada torre para as campás, como sempre tivo a igrexa parroquial do século XVIII, mentres a capela carecía de torre. E lembremos unha vez máis que na lenda do escudo orixinal —que, por certo, o recordado Barral non podía ler xa que a ocultaba unha capa de cal con area, mandada botar por un obediente e pouco ilustrado alcalde franquista (que resulta mellor non lembrar)— aparece a data do ano económico municipal de 1874 a 1875. A oportuna operación de limpeza que desvelou estas datas efectuouse no ano 2000.

Pola súa banda, M. Mariño del Río, *Porto do Son. Aspectos geográficos e históricos*, 1990, páx. 103, recolle a referencia de M. Rodríguez Pazos, Boletín Informativo do Axuntamento (Porto do Son, nº 0, 1984), na que o sempre ben lembrado franciscano ó falar da construción do 'muelle' novo arredor do ano 1770 e de que no ano 1790 estaba edificada a torre da igrexa parroquial de San Vicente de Noal ("... teniendo en cuenta estos detalles se

puede suponer que el escudo de Puerto del Son fuese adoptado por estas fechas, ya que en el mismo figuran estos dos elementos: la iglesia y los muelles”).

Cómpre lembrar que a divisa completa que timbra o escudo orixinal di AYUNTAMIENTO CONSTITUCIONAL AÑO ECONÓMICO DE 1874 A 1875. Agora cobran sentido os apelativos que preceden a aquel empregado municipal da ditadura. E continuando coa fundamentación do citado investigador local, celebramos que se aproxima un pouco máis á realidade, pero para ser exactos o emblema municipal adoptouse uns cen anos despois.

Con respecto á non existencia de bases documentais no Arquivo Municipal, hai que volver lembrar o que xa apuntou o citado Barral explicando a absurda forma de deixarnos sen unha boa parte da nosa memoria do século XIX.

Pero debemos engadir que aínda que dispuxésemos das copias dos documentos que se enviaron á Real Academia de Historia de Madrid, organismo a quen lle competía dar o visto bo para elaborar o escudo, pouco se chegaría a saber sobre as figuras ou mobles que contén e a súa historia. Non hai máis que verificar a neglixencia e ata indolencia e o inoportuno descoido que caracterizaba ás autoridades municipais daqueles anos. En efecto, en cumprimento dunha Real Orde de Fomento do ano 30 de agosto de 1876 (data só posterior uns meses coa que figura na inscrición que coroa a nosa singular pedra de armas) o Gobernador Civil da Coruña remitiulle ó xefe do Arquivo Histórico, o día 24 de setembro de 1877, as contestacións que lle deran os alcaldes da súa provincia, sobre os selos que usaran ou viñan usando e a súa

historia. Esta información proporciónaa o investigador J. Fariña Jamardo, *Os concellos galegos*, 1993. E dela dedúcese:

En primeiro lugar, sobre os selos, os estampados que lle envía o alcalde sonense (V. LÁMINA I), compróbase como foron feitos á lixeira, e ata se pode dicir que se fixo con moi pouca presión para imprimilos. Tan pouco coidado se tivo que, por exemplo na impronta do que di ALCALDÍA POPULAR... correu a tinta nos trazos inferiores das figuras centrais. Como se pode comprobar, non tiñan moito interese en facer as cousas ben.

En segundo lugar, respecto ós datos históricos que debían proporcionar de cada selo, é tal a probreza e vaguedade, que nada se concreta. En consecuencia, o único que vemos é que se utilizaban os símbolos máis significativos dunha vila mariñeira: o porto e un barco, como en moitos outros. Só ó pé de cada estampación "aclárase" que vén estando en uso desde hai máis de 45 anos, e nada se explica da súa procedencia e historia.

Ademais de non ter a precaución de facer unhas copias fieis, tampouco debían estar moi informados. Queda claro que a parquedade en palabras era a principal característica das autoridades locais cando se lles pedía información; dáballes igual que fose o Gobernador que o Ministro de Fomento. E se non se molestaron en subministrar datos a unha autoridade de alto rango, ¿que enviarían a unha institución académica? LÁMINA I



Estampacións dos selos municipais dos anos 1876 e 1877. A da esquerda deixa ver dous peiraos, un que remata nunha volta, o outro de trazado recto, e ambos acubillan un buque de tres paus

A da dereita ofrece unha áncora baixo a que vai un corpo covudo asopeirado, e no seu centro unha barquiña veleira acércase a un porto en forma de elo. Todo rodeado dunha artística cartela coa lenda. Pero na parte inferior das figuras vese que correu a tinta e ata hai unha mancha coa forma dunha estrela.

Con estes precedentes xa non intentamos perder máis tempo. Resultaba máis efectivo aplicar un método similar ó que usan os lingüistas.

E así, para salvar o baleiro documental, decidimos aplicar un marco de análises comparativas que nos poida servir para obter algúns datos de interese, e, sobre todo, unha das principais características do escudo municipal sonense: o seu excepcional deseño, e, ó mesmo tempo, quixemos comprobar se os seus elementos ornamentais pertencían ós usados por algún obradoiro local, e se hai outras testemuñas nas terras do concello de Porto do Son que tamén as usen, ou esclarecer se proceden da tradicional escola de escultura noiesa, ou dalgún canteiro doutra comarca; as terras de Lousame son limítrofes, e precisamente deste concello será, aínda que vinte anos despois, o santeiro de Chaves, Andrés Castaño, autor de varios e magníficos cruceiros de capeliña, asombran pola súa perfección.

Debo puntualizar que este procedemento resultou bastante relevante e permitiu que se elaboraran estas páxinas, que poden constituír unhas bases mínimas para que no futuro alguén se anime a estudar a nosa admirable pedra armeira.

En principio, había que localizar nos libros sobre a Heráldica os modelos de escudos usados en Galicia e no resto do Estado. Xeralmente, a forma máis común adopta un deseño rectangular, cos extremos dos seus lados inferiores redondeados, e con punta saínte no seu centro; está considerado de influencia francesa. Outras variantes son o cinturado, moi pouco frecuente, e así denominado pois parece que unha cinta o apreta á altura do xege ou parte superior do seu campo, amosando, ademais, os cantóns inferiores recortados en arco cara dentro.

Outros tipos son os circulares e os rectangulares, estes últimos cos seus lados inferiores redondeados.

A nosa pedra de armas é diferente. Defire das tipoloxías ó uso. Ofrece unha figura próxima a dos emblemas de tipo redondeado, pero, á vez, semella unha configuración que nós demos en chamar de 'corte vertical de mazá'. Tamén revisamos o estudo que fan J. Ramón Fernández Oxea e Manuel Fabeiro Gómez, *Escudos de Noia*, 1972, para ver se localizabamos un que puidera servir de inspiración ó mestre canteiro para crear tan excepcional contorno.

Quedaba claro que tan peculiar deseño era a característica fundamental. En consecuencia, ante a ausencia de modelos precedentes, resultaba oportuno aplicar un primeiro marco de análises confrontadas con outros relevos locais para obter, polo menos, algún tipo de información ou algún dato que permitira

centrar o lugar de procedencia do artífice do escudo. Habería que buscar algún marco vexetal que lle servira de modelo. Como só había unha ducia de anos que traballáramos sobre os pazos do Concello, limitámonos a buscar os fotos e materiais bibliográficos que usamos para *O antigo pazo dos Caamaño de Nebra*, 1997. Así puidemos confirmar como nas construcións engadidas cara a 1710 para engrandecer aquela mansión nobiliaria estaba a que pode ser a clave explicativa da nova tipoloxía que aporta o noso símbolo municipal. A entrada principal ó recinto pacego é de estilo barroco. Trátase dunha porta brasonada que loce sobre o seu lintel un relevo de San Antonio de Padua, segundo consta na inscrición que vai repartida entre as dúas pezas dun frontón partido situadas a cada lado.

O Santo en hábito menor está axeonllado dentro dunha cova á que tiña por costume ir orar. O artista dezaoitesco representou ó taumaturgo de Padua en actitude orante e rodeado dunha follaxe de dúas ramas de palmeira que van cruzadas na parte inferior da escena e que suxiren un nicho natural.

Foto 4.- O relevo de San Antonio de Padua sobre o lintel do portón principal de acceso ó pazo dos Caamaño Soutomaior de Nebra. Un marco confeccionado con dúas ramas de palmeira trata de suxerir a gruta onde ía orar o taumaturgo de Padua. Non temos dúbida de que esta peza barroca serviu de inspiración para deseñar o escudo municipal de Porto do Son. Máis adiante veremos como tamén se copiaron as flores de lis esquinadas que encadran a composición.

Sen dúbida, este altorrelevo coa representación de tan agreste oratorio foi tomada como modelo para deseñar o escudo municipal. A utilización das dúas palmas para evocar un efecto de fondo nun soporte de por si plano, coincide coa configuración do marco de palmeiras que encerra o campo onde vai a 'Comboa' e a igrexa de San Vicente de Noal. Este tipo de solución técnica aplicouse moitas veces nos recadros dos retablos barrocos dalgunhas igrexas.

Os máis reticentes deben fixarse ben, pois o mestre canteiro, encargado polo concello, tamén copiou dúas das catro flores de lis esquinadas que adornan e encadran o relevo de San Antonio. Colocounas así mesmo fóra do campo, na parte inferior, exactamente igual que na cova do santo, para que fixesen xogo cos cabezais das áncoras acoladas por detrás e que sobresaen na parte superior. Posiblemente, non quería deixar desequilibrado o escudo, dado que os remates cos picos non chegaban ás esquinas inferiores. E curiosamente, as tan usadas flores heráldicas non figuran en ningún dos outros dezaseis escudos do concello; non eran as armas de ningunha familia fidalga sonense.

Seguindo coa análise comparativa á que sometemos o marco, hai que engadir as concomitancias que tamén se observan na utilización das dúas rosetas, que suxeitan a divisa do escudo; estas flores abertas adornan moitos relevos sonenses.

Tamén vai ser Nebra a parroquia obxecto das nosas análises. En primeiro lugar, no seu cemiterio antigo, que está diante da igrexa parroquial de Santa María, encontramos o uso repetido do mesmo motivo floral que se empregou no timbre do escudo.

En efecto, aquel camposanto garda aínda unha ducia de interesantes lápidas de pedra granítica. Distínguense ben as que son de factura moderna; as súas datas non deixan lugar a dúbidas. Nas esquinas case sempre van catro flores hexapétalas, e nun caso, a máis recente, de 1927, leva tetrapétalas.

A riqueza ornamental das lousas deixa a calquera prendado. Hai dúas que na cabeceira amosan unha especie de cora real pechada feita con dúas ramas con follas acorazonadas e alternantes.

Por outra banda, todas adornan o seu alongado corpo cun marco de corda que percorre toda a lápida; en xeral este borde trazado en espiral, imitando a unha soga, comeza sendo máis ancho nos ombros e vai estreitándose cara ós pés, seguindo o deseño das antigas caixas mortuorias de madeira.

Hai unha tapa sepulcral que na cabeceira leva unha cruz inscrita nun dobre círculo, e, polo tanto, destaca entre as que levan coroa. Curiosamente, esta mesma composición do sinal cristián repítese nos cumios dalgúns hórreos próximos á igrexa, e mesmo no lintel dalgúns portalóns, coma por exemplo o da casa rural 'Val de Nebra', que foi restaurada nestes últimos anos.

A parte correspondente ós pés adopta diferentes trazados. Aquí o corpo de corda pode rematar en ángulo co seu vértice cara a dentro, semellante ás extremidades inferiores dun esqueleto, ou cara fóra, e tamén nun caso combínanse ambos remates, e noutro insinúase unha composición floral. V.





As flores hexapétalas en tres laudas sepulcrais do cemiterio do adrio da igrexa parroquial de Santa María de Nebra. Van tamén adornadas cun corpo cordal que adoptan distintos tipos de cabezais e diferentes formas nos pés. A lápida do centro chama a atención pola serpe ensarillada coma o símbolo que representa ás boticas. A da dereita dobra o corpo cordal. E a da esquerda insinúa nos pés unha composición vexetal.





Outras dúas fermosas laudas sepulcrais do antigo cemiterio da igrexa parroquial de Santa María de Nebra. A da esquerda simplifica ó máximo a representación do corpo, e ten esquinadas catro estrelas de catro puntos. A da dereita, ademais da cruz inscrita, amosa un remate inferior moi diferente ás outras.

A maioría das lousas pertencen a persoas adultas e nas inscricións, moitas delas xa borrosas, as datas alcanzan ata 1927. Pero atopamos dúas de reducido tamaño, de 100cm x 40cm, que están unha ó lado da outra. É unha verdadeira mágoa que teñan borradas as súas lendas, e unha delas está ademais tremendamente ennegrecida. A da esquerda atrae pronto a atención de calquera observador pola súa curiosa e ben traballada decoración. Unha coroa real pechada con todos o seus detalles e rematada nunha cruz adorna a cabeceira. Lembremos que hai varios casos en que se deseña unha coroa vexetal. A cada lado hai dúas ramas con 9 follas case simétricas. Logo vén o corpo principal de forma rectangular e algo abombado no seu centro. Desgrazadamente xa están totalmente ilexibles as letras da dedicatoria. Teño unha foto de hai 20 anos que permite supoñer algún rasgo. É unha magnífica lápida dun rapaciño ou dunha rapaciña que está chea de simboloxía, pero quedará no anonimato.

Cara ós pés hai outro espazo rectangular apaisado, cunhas inscricións tamén ilexibles. Entre estes dous espazos epigráficos xa moi erosionados —as pisadas dos que durante anos acceden ós oficios relixiosos— destacan dúas ben labradas pentapétalas, que deben ser hexapétalas como as do resto das tapas sepulcrais antigas, pero delas nacen sendos talos que ocultan un pétalo e no medio unha especie de abano aberto pero truncado na súa punta e ademais invertido.

Foto 5.- Fotografía da curiosa lápida dun rapaciño ou rapaciña no antigo cemiterio da igrexa parroquial de Santa María de Nebra. A primeira foto e a única que me atrevín a tomar aproveitando que non había ningún, era o ano 1985. Aínda que o seu deseño resulta un pouco tosco, especialmente na parte superior, non deixa de ser unha preciosa peza funeraria digna de admirar. Non cabe dúbida de que en Nebra debeu haber unha boa escola de mestres canteiros. Noutra visita que fixen, oínlle dicir ás señoras que arranxaban a igrexa que eran as sepulturas dos irmanciños Calo, lembren que forman unha parella.

Desde un punto de vista simbólico as rosetas hexapétalas considerábanse coma un sinal protector-benefactor que se gravaba nas lápidas funerarias, como se facía nas estelas romanas e medievais. O uso destas flores abertas, que simbolizaban o sol, estarían a indicar unha concepción astral doutra vida (os que falecían viaxaban ó ceo, morada dos mortos e mansión do deus sol). As pentapétalas virían a ser unha especie de solarización do defunto. Segundo J. J. Burgos Fernández, al flores de 4 a 6 pétalos eran os símbolos da espranza. Para Juan Eduardo Cirlot (1991) son símbolo da brevidade da vida.

Que as flores que estamos a estudar foron desde moi antigo usadas nos ambientes funerarios non hai ningunha dúbida. Nun estupendo e recente estudo sobre o extraordinario conxunto monumental romano de Santa Olaia (Eulalia) de Bóveda, Santa Eulalia de Bóveda, 2008, presentado en Lugo por D. Felipe Arias, Director Xeral de Patrimonio, na súa páxina 13, lámina 5 b, correspondente á primeira parte, adicada a unha síntese da historia do singular conxunto arqueolóxico, pódese ver un fragmento dunha moi antiga estela funeraria coa simboloxía astral, que tanto se reproduce en Nebra, e que ten especial presenza en Galicia. Aquí a flor vai inscrita dentro dun círculo que toca os extremos dos seis pétalos.



Estela funeraria de Santa Olaia de Bóveda, Lugo. Antiquísimo exemplo de flor hexapétala. Xa se usaba en época romana, e ten moita presenza en Galicia.

Pola súa banda, a coroa real pechada que loce na cabeceira da máis singular de todas as lápidas do antigo camposanto nevarense, aquela que mide 80 c. de longo, resulta do maior interese. Xa dixemos que está moi ben elaborada, a pesar da súa torquedade. Conta co seu aro e cos seis floróns que se unen no alto rematado nun globo centrado, sobre o que se ergue unha

pequena cruz. De todos é sabido que as coroas, ademais de atributo dos deuses, da realeza e da aristocracia, tamén tiñan un sentido funeral, da iluminación gradual recibida. Os que triunfan sobre si mesmos conseguen a coroa da vida eterna. E como a inocencia é o estado do home limpo de pecado orixinal polo Sacramento do Bautismo, usábase moito nos sartegos de criaturas, nos que tamén resulta frecuente ver un querubín ou unha cariña de anxo entre dúas alas. Algunhas coroas das outras sepulturas de Nebra están confeccionadas por ramas con follas simétricas, e debaixo delas comeza unha especie de marco, que imita a unha corda, e que traza a forma do corpo humano moi esquemático, sen os seus membros superiores e rematado en dous ángulos, que parecen imitar a base das extremidades inferiores.

En canto as ramas con follas, sabemos que a árbore representa de modo xeral a vida, o seu crecemento, xeración e rexeneración, e como vida inesgotable equivale á inmortalidade. E como imaxe verticalizante a árbore recta conduce unha vida subterránea ata o ceo, símbolo da relación máis xeneralizada entre os mundos inferior ou infernal, o central ou terrestre, e o superior ou celeste. O cristianismo recoñécelle esta significación especial de eixe entre dous mundos. Mesmo a cruz coincide coa árbore, coa árbore da vida. Para que a cruz pida realmente comunicar os tres mundos, ha de cumprirse a condición de que se atopen emprazados nun centro cósmico.

A árbore da vida pode conceder a inmortalidade. E así mesmo a existencia de dúas árbores poden representar a verdade e a ciencia. Nalgún caso, a árbore asocia a serpente (forza orixinaria), de xeito que cando un ofidio vai ensarillado implica outro símbolo: a espiral, como se fose o eixe do mundo rodeado polo conxunto de ciclos da manifestación universal; a serpe restante

asociada a árbore indica o poder protector das fontes da vida e da inmortalidade. E pola súa muda da pel é símbolo de resurrección.

Pola súa banda, a corda, símbolo da ligazón e conexión cósmica. A corda baixo o aspecto de cordón reviste o significado de unidade do continuo.

Imos agora tratar outro exemplo de hexapétalas que descubrimos así mesmo na parroquia de Santa María de Nebra.

No precioso e admirable cruceiro da capeliña, que preside a entrada do santuario da Nosa Señora de Loreto, vólvense a representar a roseta de seis pétalos. Segundo unha inscrición da fachada da capela o edificio data de 1898.

En primeiro lugar, cómpre dicir que este tipo de cruceiros atópase na península do Barbanza (Begoña Bas, 2002, páx. 208). A virxe de Loreto, di Risco (1962) é abogosa contra ladróns e piratas; pero a pregunta sobre o motivo de que aparezan soamente nesta zona, Castelao di "... en canto á existencia abondosa dos cruceiros de capeliña naquela parte de Galiza –porta marítima de Compostela, sempre acometida por corsarios e piratas–, cómpre lembrar que no ano 1587 o Papa Sixto V fundou a Orde de Nosa Señora de Loreto contra do bandidaxe que atacaba o litoral de Ancona (cidade da provincia das Marcas, na costa do Adriático); e por unha asociación de entrambas circunstancias, resulta doado supoñer que os cruceiros ditos de Loreto non son outra cousa que impetracións dirixidas á nova Nai dos afrixidos, cando a piratería dos séculos XVI e XVII mantiñan en desacougo aos habitantes da costa arousán e noiesa". A este respecto temos noticias documentadas de que o Porto do Son sufriu o azote dos piratas. O escribán de Noia, Paio Romero, infórmanos de que o cuarto señor da casa de Nebra, don García de Caamaño Soutomaior, "o valeroso coxo de Nebra", socorreu a Porto

do Son contra as “razzias” de piratas mouros en 1619 (*O antigo pazo dos Caamaño de Nebra*, 1997, Joaquín Torres, páx. 61). Así pois, máis de douscentos anos despois desta 1ª intervención caamañesa, foi erguida a capela Santuario de Nosa Señora de Loreto e diante o seu símbolo protector: un magnífico e artístico cruceiro que vai adornado con dúas grandes bolas, unha a cada lado, sostidas sobre dúas bases octogonais de gran valor intrínseco. En dúas das súas caras amosan varias cruces da Orde de Malta, e unha, xa moi borrosa, que parece das de tipo latino e de maior tamaño.

A capela de Nosa Señora de Loreto e o excelente conxunto monumental que a preside foron erguidos polo párroco de San Vicente de Noal, don Francisco Seárez Magariños, a finais do século XIX. Don Francisco levantou a súa capela, posiblemente, coa finalidade de conseguir indulxencias ou para reprimir algún pecado; case sempre un cura ou unha persoa devota decide costear unha capela ou un cruceiro para se gañar, en vida, méritos para a hora do xuízo. E parece que o señor cura atinou ben ó poñer este lugar de oración e congregación de tanta xente baixo a advocación da Virxe de Nordés ou de Loreto, de tanta devoción para os mariñeiros. Na actualidade, un dos días das festas patronais de setembro, as do Carme, é precisamente o de Loreto, que reúne a moitísimos devotos na capela e na gran romaría que se celebra ó ser arredor.

Por outra banda, a harmonía de todo o conxunto ornamental proporciónalle un carácter monumental á pequena capela que preside, rompendo, ademais, a pesada horizontalidade que ofrece a súa sobra e pouco airosa fachada. Analizando as tres artísticas pezas que adornan a entrada ó

adrio verifícase a excelente calidade da súa labra que, sen dúbida, son reflexo da man dun bo artista ou mestre canteiro.

Como cara a 1875 hai documentados varios destes cruceiros de capeliña, obra de Andrés Castaño Fernández, alcumado “o santeiro de Chaves”, aldea do concello de Lousame, a moi poucos quilómetros do concello de Porto do Son (un exemplo pode ser o cruceiro de Eiroa, Barro, Noia) o artífice ou mestre contratado por aquel don Francisco Seárez, así como tamén os que labraron os demais cruceiros de capeliña que hai nas terras sonenses, debían ter coñecemento dos traballos daquel santeiro lousamés. Pero en todos foron aplicados os elementos de decoración que viña usando por tradición a escola sonense de mestres canteiros e que se repiten en cruceiros, hórreos, reloxos de sol e en ambientes funerarios.

A fasquía (ou aspecto) dos cruceiros de capeliña barbanzanos é algo diferente da do resto. A basamenta difire porque non ten grandes proporcións, e o pedestal case non existe. Ás veces a plataforma base consiste nuns banzos en diminución ascendente e o varal sempre moi groso. O capitel está substituído por unha caixa onde está a imaxe da Virxe, aínda que por veces hai por debaixo desta coma un intento de crear tamén un capitel. No cume a cruz coa figura de Cristo pola cara da caixa.

Non hai que esquecer que nas bases octogonais que forman parte daquel conxunto que equilibra a vista frontal daquel santuario, escóndese un interesante enigma: unhas desapercibidas Cruces de Malta.

Examinando ben as pezas octogonais onde foron labrados estes símbolos da Orde de San Juan, destacan pola súa diferente textura e cor. Son dunha cor máis amarela que o resto das pedras que conforman as grandes

bolas e o propio cruceiro. Pero o máis relevante de todo é que moi posiblemente esteamos ante os únicos restos que quedan do que un día foi o pazo ou torre orixinaria dos Patiño de Noal.

Cómpre lembrar que a construción da capela de Loreto deu lugar, segundo informa o xa citado Barral, a un enfrontramento persoal entre os párrocos de San Vicente de Noal e o de Santa María de Nebra. Os nevarenses consideraban que no terreo onde o señor cura de Noal –Vila e Porto do Son–, don Francisco Seárez Magariños, quería erguer o pequeno santuario non tiña dereito, pois pertencía á parroquia de Santa María de Nebra. Parece que na violenta pelexa na que se enfrontaron 'a puñetazos', gañou o cura de Noal.

E hai que engadir que ademais destas referencias proporcionadas por J. Barral, *Historia de Porto do Son y su distrito* (1989), tiven a oportunidade de coñecer outra versión dos feitos que lembraban varias veciñas da parroquia de Noal. Dicían que os noaleses acabaron por montar outra disputa cando viron saír as canterías, que formaban parte das paredes do hórreo da Casa Reitoral. Parece que o don Francisco quería darlle maior altura ós muros do novo edificio. Entón permitiu que se usasen as pezas alongadas do hórreo da Casa parroquial. E se realmente examinamos os pasamentos laterais da capela de Loreto, apreciamos que todas as canterías do alce teñen non só a mesma forma alongada, senón tamén unha textura máis fina que as do resto dos muros.

E así mesmo parece que se armou outra protesta cando viron saír tamén da súa Reitoral as mencionadas bases que ían adornar o cruceiro. V. LÁMINA E FOTOS 6 e 7.

Foto 6.- Vista parcial da fachada da capela da nosa Señora de Loreto co seu fermoso cruceiro franqueando o adrio. No tímpano semicircular vai unha cariña de anxo flanqueada polas dúas hexapétalas.

Foto 7.- Unha das bases exagonais coa cruz de Malta labrada na cara que mira ó cruceiro. A foto permite apreciar tamén a textura e a cor desta pedra en comparación coas da columna-capitel en que se apoia a enorme bola.

Non sabemos ata que punto estes feitos conservados na memoria popular son verdade. O que si é certo é que máis ou menos equidistantes ó disputado lugar da milagreira ermida, están situados os núcleos de dúas parroquias sonenses. A de Santa María de Nebra e a de San Vicente de Noal. En cada unha delas tiveron a súa casa patrucial sendas familias fidalgas. Uns Caamaño, procedentes de Santa María de Caamaño (outra importantísima parroquia do concello), ergueron nova mansión en Nebra, que aínda está en pé coas súas artísticas portas brasonadas; e os Patiño din os documentos que tiveron a súa fortaleza orixinaria en Noal, da que parece non queda xa ningún resto.

E como nas dúas liñaxes houbo polo menos un membro que pertenceu á citada Orde militar, hai que botar man da cronoloxía. Esta precisión temporal vai permitir descartar ó último señor "nominal" da 'Casa de Nebra', don Juan José Caamaño Pardo Gaioso, señor de Romelle, cabaleiro de Malta, quen, alá polo ano 1803, recibe en herdanza os bens dos Caamaño sonenses e noieses, debido á morte sen sucesión de seu tío don Joaquín de Lamas Soutomaior Caamaño. Cómpre aclarar que o don Juan José pasa a adquirir, ademais doutros títulos e bens, uns pazos (o de Nebra e o de Caamaño), totalmente desmantelados e en ruínas, por expresa orde do seu tío, porque lle tiña moita manía. E sabemos polos documentos de taxación todos os desperfectos causados, e que máis de 500 pedras labradas do pazo de Nebra foron trasladadas en carros a 'Vista Hermosa', o pazo-vivenda do excéntrico e enfermo don Joaquín, en Noia.

Como consecuencia destes feitos é lóxico e razoable pensar que o citado don Juan José non mandaría labrar os seus distintivos de lucimento social nuns cascallos.

Pola contra, o fillo do vello don Pedro Patiño de Noal (o fundador do morgado dos Patiño no ano 1580), don Alonso ou frei Alberto (no mesmo documento prodúcese polo escribán a confusión), colexial de Fonseca, ministro da Orde franciscana, cruzouse cabaleiro da Orde de San Juan. Polo tanto o segundo Patiño na liña sucesoria tiña dereito a usar a Cruz de Malta en calquera lugar da súa vivenda.

Con estas referencias entra pois dentro do posible que os veciños de Noal se opuxeran a que saíran por segunda vez máis pedras labras da súa Reitoral para a nova capela do señor párroco. Non hai un documento que avale que a residencia do señor cura de Noal gardase relación directa coa antiga fortaleza, que nesta parroquia ergueron os Patiño, segundo din os documentos, pero é habitual que moitas torres e mansións fidalgas foron utilizadas logo como reitorais.

Pero para este estudo o que máis nos interesa é examinar a ornamentación do propio cruceiro de capeliña do Santuario de Loreto. Ademais dos dentes de serra e as follas de acanto esquinadas da base do varal, ou as cariñas de querubín da cornixa que separa a capeliña, o propio nicho que acubilla á santa, é dicir, a capeliña, ofrece no seu frontal un tímpano curvado con outra cariña anxélica flanqueada por dúas hexapétalas, unha a cada lado, e labradas coa mesma técnica cás que antes estudamos. O curioso é que na vila e concello de Porto do Son hai varios cruceiros de capeliña, un na

chamada Praza de España, da mesma vila; outros en Baroña, Caamaño, Portosín, etc., pero só este leva as rosetas abertas.

O marco de análises comparativas que vimos aplicando desde o principio pódese completar con máis exemplos que amosan estas rosáceas.

Hai na mesma parroquia de Santa María de Nebra diversos reloxos de sol que levan como ornamentación unha ou dúas hexapétalas.

O cadrante da 'Taratola', na aldea de Orseño, loce esta flor case no seu centro. O de 'Carrucheiro', na aldea de A Puilla, ten o seu remate superior en forma de 'm' ou en dúas ondas, e mesmo debaixo van gravados en rebaixe tres círculos que conteñen cadansúa hexapétala os dous extremos, e o do centro unha tetrapétala. Lembremos que ó falar dos símbolos astrais do antigo cemiterio, tamén había unha lousa sepulcral, a de 1927, con tetrapétalas nas catro esquinas. Polo tanto, estamos ante unha variante que tamén se repite. V. DEBUXO.

Reloxo do 'Carrucheiro' na aldea de A Puilla, parroquia de Santa María de Nebra. Debaixo do seu remate superior en dúas ondas van os res círculos, o central cunha tetrapétala, e os laterais con hexapétalas. Este símbolo floral de tipo astral abunda moitísimo, e case o podemos considerar como un motivo 'guía' para detectar as obras da escola sonense de canteiros. No timbre do escudo hai dúas hexapétalas que suxeitan a cartela.





Reloxo do 'Tareixo', na aldea de A Puilla, Nebra. Debaixo do rostro solar amosa unha hexapétala como as dúas lápidas nevarenses e as do timbre do escudo.

E como na aldea de Resúa, Nebra, hai máis reloxos como o do 'Padeiro', o de 'Queiro Lobero', que tamén a levan, posiblemente todos eles procedan dun mesmo obradoiro local.

Curiosamente, dentro do pazo dos Caamaño Soutomaior, na aldea do Pazo, en Nebra, hai un hórreo que non é o orixinal; ten sete pés de apoio e mide 11,20m de longo. Parece que debido a unha cuestión de partillas o auténtico tocoulle a un herdeiro que o levou fóra do recinto. É fácil de localizar pois leva a da " a 1707". Neste ano acaban as obras de engrandecemento do pazo levadas a cabo por don Francisco de Lamas Soutomaior.

Pero para que aquel recinto pacego contase cun graneiro, ergueuse o hórreo actual. Mencionámolo aquí porque conta cun reloxo de catro caras adornando un dos seus pinchos. Nunha inscrición do hórreo parece que se le 1877, mesmo debaixo dun oco algo profundo e coa súa cavidade con rebaixes radiais correspondentes ós oito lóbulos do seu perímetro exterior. E sobre un lado da propia repisiña, que remata o cadrante, hai outro como unha cuncha cóncava que deixa ver os seus pregues radiais.

Poderíase seguir falando doutros interesantes exemplos, pero cos citados, penso que hai indicios máis que suficientes para poder afirmar que houbo unha escola de canteiros en Nebra. No seu obradoiro reproducíanse os mesmos deseños, que se adornaban cunha tipoloxía de elementos vexetais os máis sinxelos, e con variados motivos os máis complexos.

A pesar de ser encargos privados, a maioría leva o elemento 'guía' que antes apuntamos.

Non hai dúbida de que algúns canteiros eran verdadeiros mestres da pedra. Como proba disto, temos preciosos exemplos de cruces caladas que

rematan os pinchos dalgúns hórreos. Denotan unha gran maestría e dominio técnico.

Hai na aldea de Calo un hórreo que exhibe unha delicada cruz. O seu brazo vertical parte dunha lixeira plataformiña sostida por catro delgadas columniñas, as cales se apoian sobre outra base, que encaixa mesmo no ángulo do cumio. Chama a atención que nos ángulos que deixa o cruzamento dos dous brazos vai unha aspa cuxos extremos, xunto cos dous paus, serven de puntos de apoio dun círculo tan fino coma un arame. V. LÁMINA



Dous exemplos de delicadas cruces que amosan dous hórreos de Nebra. O da esquerda na aldea de Calo, o da dereita na Igrexa. O vaciado dos volumes son obra dunha man moi experta e experimentada. Non sei se haberá en todo o concello un traballo tan fino e exquisito. Non cabe dúbida do dominio técnico que chegou a acadar o seu autor.

Os outros fermosísimos e case traballos de artesán da ourivería da prata son os remates de 'Simón', na igrexa. Tamén amosan unha fina labra calada. Un leva a cruz nimbada con dous círculos arredor do cruzamento, e o outro, de igual factura pero cun só redondel.

Realmente, a parroquia de Santa María de Nebra ofrece abundantes pezas artísticas como para pensar nun obradoiro local de longa tradición.

Lembremos que o pazo dos Caamaño levantouse no ano 1525, e as obras de restauración e engrandecemento, para convertelo nunha característica mansión nobre con escudos, relevos, reloxos de sol, fonte-estanque, un pombal e un hórreo, leváronse a cabo a comezos do século XVIII, rematándose en 1707, como xa se dixo. A igrexa parroquial, de estilo neoclásico, data do século XVIII. E ó longo do S. XIX continuaron traballando os canteiros para cubrir a demanda de hórreos, cruceiros, lousas sepulcrais, fontes e muíños. Un destes muíños, o de 'Cornido', é unha magnífica construción totalmente de pedra. As canterías están moi ben traballadas e asentan á perfección. Trátase dunha casiña de planta rectangular de boas e grandes canterías moi ben escadradas, e o seu tellado a dúas augas, así mesmo de lousas graníticas perfectamente imbricadas, con cinco ringleiros por cada lado. Debaixo da última fila das que sobresaen, para que escorran as augas, hai tres ménsulas saíntes, que tratan de imitar os estremos das vigas de madeira que sosteñen as cubricións tradicionais feitas con tellas. Conta tamén cunha pequena fiestra rectangular en sentido paralelo, que vai debaixo do cumio e está abucinada para permitir a entrada de máis luz.

De todo o ata aquí exposto, cabe deducir que o mestre canteiro, que labrou a nosa pedra de armas municipal, tiña que estar moi relacionado coa parroquia de Santa María de Nebra. Ou ben era nevarense de nacemento ou o era por adopción. O que non cabe dúbida é que tiña coñecemento do relevo de San Antón do pazo dos Caamaño, e usaba os motivos ornamentais locais en todos os pedidos que se lle facían. O escudo municipal conta cun marco similar

en todo o da gruta de San Antón. O seu deseño case circular e a utilización de dúas palmeiras que se cruzan na parte inferior para encerrar as figuras; a tradicional ornamentación de hexapétalas utilizounas para soster a cartela que timbra o escudo, e as cordas das áncoras, que leva acoladas por detrás, amosan a mesma técnica que vimos nos sogueados das lousas sepulcrais ou nas das columnas e arquivolta do cruceiro de Loreto.

Por outra banda, hai outras obras que indica que continuou traballando para o concello. Máis adiante veremos un exemplo.

Pero hai que salientar que estamos ante unhas manifestacións plásticas e carácter popular que se apoia na repetición de elementos influídos polo pesa da herdanza e tradición. O canteiro intenta transmitir esa mensaxe simbólica que é facilmente compartida polos usuarios da súa obra. Hai coma unha mistura de simboloxías relixiosa e profana. Os canteiros aprenderon o seu traballo nos obradoiros familiares cunha aprendizaxe autodidacta e transmitida de pais a fillos. Posiblemente, non eran sabedores do carácter simbólico que fomos describindo. Desde logo empregan moitos símbolos e prima unha evocación didáctico-relixiosa, mentres que reiteran algúns elementos moldeados e depurados polo paso do tempo. E non só nas figuras mostran reminiscencias dos antigos exemplares conservados da escultura romana e medieval, senón que tamén ocorre o mesmo cos elementos decorativos florais, figurados e xeométricos. Lembremos que, sen remontarnos ás épocas máis antigas, houbo unha serie interminable de canteiros que participaron nas nosas igrexas románicas de Baroña, Xuño ou Caamaño, na capela renacentista da Atalaia, nos pazos de Nebra e Orellán (Baroña), na parroquial de San Vicente de Noal, Vila e Porto do Son, de inspiración neoclásica, ou na parroquial de

San Pedro de Muro, máis claramente aínda no mesmo estilo; como tamén a igrexa dos Miñortos, e as respectivas casas reitorais. Habería que citar tamén os magníficos exemplos de vivendas de tipoloxía urbana ou rural do século XIX, e que mesmo figuran nos libros e traballos publicados sobre a Arquitectura da provincia da Coruña; J. Ramón Soraluce Blond e Xosé Fernández Fdez., 2008, Vol. III.

Verifiquemos agora que o artífice do escudo municipal segue a traballar para o concello. Hai varios exemplos. Pero imos examinar un que amosa unha serie de concomitancias e incribles similitudes coa fonte-estanque do pazo de Nebra e co escudo municipal. V. FOTO 8.

Foto 8.- Vista parcial da fonte que ergueu o concello na, desde entón, chamada 'Praza da Fonte'. Vemos a cornixa moldurada e sobre ela un frontón ondulante coa inscrición que alude á data da súa construción: 'AYUNTAMIENTO DE 1877'.

A fonte vai enmarcada por un espazo trapezoidal e lousado. Conta cuns muros de cantería rematados por unha cornixa moldurada que se eleva na parte central, onde asenta o fastixio ou remate ondulado, co seu borde (ou marco) un pouco saínte e unha cuncha na súa parte central. No espazo interior destaca a lenda: 'AYUNTAMIENTO DE 1877'. Cómpre lembrar aquí que os datos que figuran na cartela do escudo aluden ós anos 1874 – 1875.

Dous grosos canos na parte inferior verten abundante auga nunha pía rectangular. Flanqueándoa sitúanse dous bancos de pedra. E toda a estrutura destácase do resto da praza polo seu emprazamento e por estar asentada nun pequeno zócalo, a maior nivel que o pavimento de mesura.

É patente o influxo da arquitectura culta neste tipo de obras, que aínda que debedoras do mundo tradicional, tratan de afastarse do mesmo. Os bancos laterais, o elemento corrido de sección semicircular convexa, a cuncha e o frontón danlle un aire urbano e ilustrado.

Como antes dicíamos, esta fonte presenta unha serie de curiosas analoxías coa forma de cartela que timbra o escudo, e coa fonte-estanque do interior do pazo dos Caamaño-Lamas-Soutomaior, en Nebra.

Se analizamos primeiro a lenda, comprobamos que foi inaugurada polas autoridades locais o ano de 1877, é dicir, uns poucos meses despois de rematárense as obras da vella Casa Consistorial da Rúa de Fernando Fariña.

En segundo lugar, o deseño da artística tarxeta historiada que adorna a fonte é idéntico ó da cartela que encabeza o escudo municipal. Os paralelismos afectan á forma e ó contido. Nos dous casos, o seu trazado describe un 'm' cos trazos separados. A única diferenza apreciámola na ornamentación artística. A cinta do escudo é coma un pano suxeito cerca dos seus extremos

por dúas flores hexapétalas; e mesmo chegan a representarse os pregues da cinta, que se fai máis ancha no seu centro. E en cambio, o marco saínte que encadra o frontón da fonte leva no seu centro o símbolo xacobeo. Posiblemente a única vez que unha obra de carácter civil da Vila amosa a vieira de Santiago. Lembremos que no interior da fonte-estanque do citado, varias veces, pazo de Nebra hai coma unha repisa en forma de cuncha convexa. V. FOTO 9.

Foto 9.- Vista parcial da fonte-estanque do pazo de Nebra. Nun primeiro plano, a canle de saída da auga sobrante. Unha columna de sección cadrada e rematada nunha bola, todo nunha mesma peza, está caída sobre o enlousado. Nun segundo plano, o patio octogonal co seu piso de boas lousas. No terceiro plano, no chan, a pía que recolle a auga de cano, xa moi desgastada polo apoio das sellas e caldeiros. E logo o tubo de saída da auga, flanqueado por dous leóns enfrontados que teñen os seus rabos en forma de gran ese. A cada lado, os bancos de pedra. No cuarto plano, vemos o frontal da fonte coa fiestra de entrada ó estanque. No seu lintel a inscrición coa lenda: 'REEDIFICOSE EN 1707'. A través do oco vemos a bóveda de cañón e a parede do fondo, todo cheo de verdume producido pola auga, na que destaca a cuncha cos seus sete pregues e sucos.

Na parte superior do lintel, unha traballada cornixa que case non se aprecia por estar cuberta pola vexetación. Debaixo dela, e a cada lado da porta que permite acceder ó baño, vemos á dereita un monograma coas letras gregas baixo coroa ducal e rematado en pincho. Para saber máis V. *O antigo pazo dos Caamaño de Nebra* (1997), Joaquín Torres, páx. 135-145.

E tamén no pazo de Orellán, aldea da parroquia de San Pedro de Baroña, había unha parte brasonada que aínda se conserva noutra construción, apegada á casa do 'Carboeiro', e que tamén conta na súa xamba dereita cun enigmático relevo. Vemos dúas cunchas convexas moi ben traballadas e en ángulo recto. V. LÁMINA. Teñen cinco sucos. Posiblemente, tal disposición estrutural estea en relación coa súa finalidade. Concedían o dereito de asilo. O preso que lograse fuxir ó ir polo 'Camiño Real' que pasaba por Baroña, ó pousar as súas mans nas cunchas, quedaba libre. Era unha prerrogativa dos señores de Orellán.



As cunchas do pazo de Orellán que concedían o dereito de asilo. Nótese como do borde dereito superior, mesmo da súa chanela dorsal, sae un apéndice tubular. Fixándose moito parece que ten continuación polo seu lado esquerdo. Nós no estamos en condicións de asegurar o significado deste curioso tubo, pero o sentido común lévanos a supoñer que ou ben o artista tratou de darlle vida ó molusco representándolle a súa boca botada para fóra, ou se cadra encerra un significado simbólico en relación coa liberdade, que conferían a liberdade a quen palpase as cunchas. Tamén cabe a posibilidade de que se trate dun pé ventral, e entón podería andar, é dicir, un quedaba libre para andar.

Por outra banda, mesmo debaixo das ondas que describe o marco que encerra o tímpano da fonte, vai a lenda: 'AYUNTAMIENTO DE 1877'. Nesta inscrición os concomitancias coa mesma palabra e cifra que lemos na cartela do escudo son evidentes. A letra 'E' do substantivo resulta un calco exacto da súa homóloga do escudo. E fixándose un pouco máis verifícase que os tres trazos paralelos deste 'E' maiúsculo caracterízanse por ter máis curto o central nos dous casos; a para maior abundamento as outras letras son tamén iguais.

E na cifra hai outro detalle moi significativo, o deseño dos números sete de ambas data, 1874-1875 no escudo, e 1877, tamén son coincidente en todo.

Pero aínda hai máis. As concordancias non acaban na faixa historiada. O método de análise comparativa que estamos a utilizar dan excelentes resultados desde o punto de vista arquitectónico. Como xa se apuntou a fonte desta recollida praciña crea un espazo trapezoidal cuns muros de cantería rematados por unha cornixa moldurada... e flanqueándoa sitúanse dous bancos de pedra... E tamén apuntamos que era patente o influxo da arquitectura culta, afastándose do mundo tradicional. Loxicamente trátase dun lugar aberto en relación coa súa funcionalidade, facilitar a reunión de veciños que veñen encher as sellas, tíñanse que organizar en orde, segundo chegasen.

Agora imos comprobar como o noso artista vai usar tamén como modelo para deseñar a fonte da vila –a que el coñecía- que había no pazo de Nebra.

A preciosa, historiada e artística fonte-estanque daquel recinto pacego crea por si un conxunto monumental semiafundido e rodeado de vexetación. Un lugar húmido e fresco para dsecanso dos señores daquela mansión. V. DEBUXO.



A preciosa, artística e historiada fonte-estanque do pazo de Nebra. No frontal vemos a entrada ó estanque e debaixo o manancial. No lintel a data da súa construción. A ambos lados das xambas, o monograma de Cristo, en latín, 'Iesus Hominum Salvator, IHS', pero cun curioso detalle, dous as engadidos, un ó principio e outro ó final, que posiblemente se refiran a Antonia, a aboa da súa dona. Mesmo debaixo outro epígrafe, agora en castelán, e entre dúas flores de lis, coas iniciais de don Francisco de Lamas Soutomaior Caamaño, a quen se lle deben as obras de engrandecemento do pazo. Ó lado da xamba dereita, outro curiosísimo monograma, agora en grego, e tamén baixo coroa. Leva un 'Fi' maiúsculo e un 'ro' minúsculo. Dos seus rasgos inferiores colgan cadanseus círculos que encerran, o da esquerda un 'F' maiúsculo, e o da dereita un 'ro' minúsculo. Intercalado no medio vai un ese maiúsculo, sen dúbida, o seu máis ilustre apelido, o de Soutomaior. Mesmo debaixo vai unha longa inscrición en castelán na que se alude ó mito grego de Alfeo, e xógase co seu apelido LAMAS, que aparece en todas as posibles construcións: LLAMAS, LA MÁS, LAMAS, etc.

Non cabe dúbida de que don Francisco de Lamas, o que veu casar coa oitava señora dos Caamaño de Nebra, era un home culto e cheo de humor. Para este cabaleiro érguese esta magnífica fonte-estanque.

A súa estrutura data de comezos do século XVIII. A época de fartura dos fidalgos. A el débeselle este precioso modelo da arquitectura da auga. É de

boa factura. Conta coa cornixa que remata o corpo central, a ambos lados dúas columnas de sección cadrada rematadas en bolas, todo labrada na mesma peza, e a xogo con outra parella delas que flanquean a canle de saída das augas. Un patio octogonal ben enlousado, e á dereita unhas escaleiras de acceso cos seus correspondentes pasamáns. Para saber máis, V. *O antigo pazo dos Caamaño de Nebra*, 1997, J. Torres.

Podemos sinalar os elementos que permiten dicir que esta disposición estrutural serviu de modelo para a fonte que ergueu o Concello na vila. Son compoñentes da arquitectura culta: a cornixa, as bancadas laterais, o seu deseño xeométrico, e a súa monumentalidade de inspiración urbana. E, como xa se dixo, hai evidencias suficientes entre as cartelas da fonte e do escudo, como para pensar que son obra do mesmo mestre.

E en Nebra, contamos con máis exemplos que levan a mesma impronta. Hai unha pequena fonte de deseño totalmente rural na aldea de A Puilla. Ten unha plataforma cunha cornixa saínte, que fai de tapa e unha caixa de forma cadrada, que acubilla un manancial. Sobre o centro daquela vai un madronciño de base rectangular e rematado nas coñecidas dúas ondas, que vimos no tímpano da fonte sonense, e así mesmo en borde saínte. V. DEBUXO.



A fonte de A Puilla, aldea de Santa María de Nebra. Chama a atención a cornixa moldurada da súa tapa e o remate en dúas ondas dese gracioso madronciño que vai sobre o centro da tapa que acubilla o manancial.

Agora imos intentar abordar a descrición heráldica do escudo. Pero antes de nada debe quedar moi clariño que só pretendo encher o baleiro que tamén hai, coma no caso da bibliografía, sobre este aspecto tan importante. Non é preciso lembrar que aínda que estudei os dezasete escudos do concello, non por iso podo, en ningún caso, ser tratado como heraldista. Por suposto que cheguei a saber algunhas cousas. Pero son consciente de que hai que deixar falar ós expertos. Non hai dúbida de que reducirán a súa lectura e posiblemente introduzan algún cambio.

‹En campo de azur e sobre ondas da mesma cor, dous peiraos de prata nacentes do seu flanco destro, cargados cunha goleta de sable con dous mastros; acompañados no flanco sinistro dunha igrexa mazonada de sable, sobre rochas de prata. Todo orlado de ouro cunha bordadura coa enseada de prata. Leva acoladas un par de áncoras cruzadas no xefe e na punta dúas ramas, tamén en aspa, entre dúas flores de lis›.

Como xa apuntei no seu momento, hai unha lei heráldica que non deixa que se lle dea tanta extensión á súa descrición. Pero nunha obra que trata de dar a coñecer ós veciños e ós segundorresidentes o noso patrimonio, hai que facilitarlles a identificación. Penso que deste modo entenderán mellor, ata os cativos e cativas que se acerquen a este libriño. Deixo para un experto que o faga someténdose ós canons heráldicos. Eu só pretendín que un profano o tivera máis fácil.

A continuación examinamos a nosa orixinal labra heráldica. Imos comezar por averiguar onde se situou o mestre canteiro para observar mellor a enseada da vila, que precisamente está representada na bordadura interior do escudo.

O feito de trazar o chamado ‘muelle vello’ en posición case perpendicular ó centro do campo, ou espazo interior, permite dicir que o lugar elixido para facer a composición foi o alto dalgunha vivenda entre a ‘Rúa Montevideo’ e a ‘Rúa de Buenos Aires’. E como o porto da ‘Comboa’ —así se chamaba o antigo fondeadoiro ou abrigo para as embarcacións— está representado cunha perspectiva desde arriba, é dicir, teñen preferencia as lisas superficies dos dous peiraos, aínda que deixando ver ‘o releixo’ ou banco corrido da súa base, o observador debía estar situado nun alto, nunha segunda planta, e por suposto cáptase un momento de baixamar. E desde esa mesma posición a igrexa ofrece unha perspectiva frontal, e a goleta unha aparencia lateral. Exactamente así sucedía na realidade.

En segundo lugar, traballamos sobre unha ampliación fotográfica para ver mellor todos os detalles. E ademais usamos unha lupa. Polo tanto, da minuciosa análise obtivemos as seguintes conclusións:

- A configuración xeral da paisaxe costeira, a pesar de que foi sometida un intenso proceso de humanización e rectificación, aínda mantén unha porcentaxe de litoral case invariado. Creouse unha nova estrutura portuaria que nun 70% substituíu a anterior ‘Comboa’, e ocultou para sempre a enorme e significativa laxa do ‘Peito’ — un ‘con’ céltico de onde, segundo a miña hipótese, vén o nome de Vila e do Concello—, pero mantívose o 70% do chamado ‘muelle’ novo; reordenouse así mesmo a rede de comunicacións terrestre cunha importante mellora, pero adaptada a antiga; trazouse un paseo marítimo que respectou bastante as zonas de cantís e o areal de Subigrexa. As novas vivendas erguidas na beira montañosa da ‘Rúa da Igrexa’ aínda permiten observar unha boa parte dos cantís da chamada ‘Turris Simus’, os

cales, desde a distancia, desde o punto onde se situou o mestre canteiro, están representados por medio de cantos e rochas ó costado dereito da igrexa de San Vicente de Noal. Toda a enseada da vila, tanto a súa parte areosa como rochosa, está ben captada na orla do escudo. Mesmo nas reprodución s de imprenta o debuxante coidouse de representar mediante puntiños e cantos punteados esta dobre estrutura natural que caracteriza o noso arco de costa.

- Outro aspecto a sinalar é que no momento da composición a marea estaba baixa. Podemos percorrer o 'releixo' ou banco corrido da base dos peiraos; vemos o casco completo ata a quilla da goleta; e, curiosamente, as ondas baten contra a boca da 'Comboa' e afecta ó areal da praia de 'Ríos', nome dado a ese anaco de praia próximo ó 'muelle' vello, por estar diante do almacén de salgado de peixe do meu avó, Juan del Río, e que, como é habitual, o pobo pluralizou o seu apelido. Permítaseme dicir que de moi neniño xoguei empurrando un barquiño de lata na area da praia do noso pai Juan; co meu curmán modesto remabamos na gamela do tío Vicente ou iamos ós polbos á Filgueira; co meu irmán Manolo e con Agapito pescabamos lorchas no 'releixo'.

- Hai detalles moi ben captados. Por exemplo, as estreitas e desgastadas escaleiriñas que ían incrustadas nos muros interiores dos peiraos, e polo exterior dos brazos que conformaban a boca do porto. Así mesmo, na goleta, fondeada no interior, destaca de forma especial a 'boca de cangrexo' do seu mastro de popa, e unha especie de carreta na punta da proa.

- En canto ó templo parroquial de San Vicente de Noal, vemos a súa porta principal co seu gran arco de acubilla e forma coma un pórtico, durante moitos anos provisto dun cancelo; sobre esta entrada apréciase o nicho que acubilla a

S. Vicente; sobre o pincho, que resalta moi marcado por unha grosa cornixa, remarcando o tellado a dúas augas, vai centrada a torre-campanario; e o corpo das campás deixa un oco ben visible. Polo seu costado dereito, como xa se apuntou, ascenden varias rochas. Finalmente, unha barra ou brazo rochoso sobresae no areal mesmo fronte ó costado esquerdo da igrexa. Todos estes pormenores son indicadores dunha fiel reprodución arquitectónica e costeira.

- O marco de palmeiras podémolo definir como tecnicamente perfecto. Vai coas súas follas ben traballadas e as dos seus extremos en espiral. Os dos trazos inferiores do marco que confeccionan aproxímanse ós escudos de forma oval, pero o trazo superior é case un semicírculo en posición oposta. O resultado configura o que demos en chamar 'corte vertical de mazá'.
- Nos ornamentos exteriores, as dúas áncoras dos cantos superiores e que van en aspa, destacan os 'cepos e argoneos' coas respectivas cordas, que presentan a mesma técnica que as que xa se estudaron nas lousas sepulcrais e nos cruceiros. Na parte inferior e o xogo cos ferros que analizamos van dúas flores de lis, que, como xa se apuntou, son unha reprodución das do relevo de San Antonio.

Curiosamente, podemos deducir que non se reproducen as tradicionais poutadas de pedra que tanto se usaron na primeira metade do século XX, xunto coas de ferro de catro anzois. Lémbrome que na gamela 'Loliña' usabamos un bo canto rodado de cuarzo grisáceo suxeito con dous paus ben embutidos na táboa base.

O escudo, por outra banda, vai timbrado cunha cartela historiada. Dá a referencia do momento político, AYUNTAMIENTO CONSTITUCIONAL, e fixa a data do ano económico municipal, de 1874 a 1875. Estes anos sitúannos na

útlima fase do 'Sexenio Democrático', desde comezos de xaneiro ata finais de decembro, cando xa o xeneral Martínez Campos se pronunciara a favor da monarquía de Alfonso XII, iniciando o período de 'Restauración'. Como é natural, o escudo municipal tivo que ser encargado antes das citadas datas, e polo tanto estamos nos anos da República da interinidade de Serrano. Non cabía pois deseñar un timbre de carácter monárquico; que, por outra parte, sabían facer ben os canteiros e mestres das lendas sepulcrais do antigo cemiterio de Santa María de Nebra.

Pasamos agora a expoñer algunhas notas sobre a vella estrutura portuaria que foi utilizada como refuxio desde o século XVIII. Non estamos en condicións de falar con seguridade do primeiro abrigo para protexer os barcos dos ventos e temporais do Oeste. Desde logo, esta parte da enseada da Vila conta cun potente rompeondas natural, 'a pedra da Sagrada', e que é unha continuación das rochas do promontorio da 'Atalaia' que se mete no mar. Os seus douscentos metros en dirección cara a Muros forman un bo brazo contra o que rompen as ondas que veñen do mar de fóra. Pero a radiña onde está a 'poza da Sagrada' está chea de tantas fechas que non sería fácil acoller alí as embarcacións. Polo tanto, houbo necesidade de construír algún tipo de dique que servise de abrigo para varar as embarcacións. Como aínda hoxe podemos ver ata o 'con' da 'Gudela' esténdese un impresionante campo de pedras voantes, e cantos rodados que se espallan sobre unha enorme rocha lisa, case continua, que deixa, ás veces, algúns pequenos afloramentos, e que forma a súa base de asentamento. Á vista deste pedregal, sobre o que bate constantemente o mar, hai que oír dicir ós vellos mariñeiros que noutros tempos as pedras formaban parte dun dique contra a ondada. Todo este

penedío réstalles forza ás ondas do mar que veñen morrer xunta ás bases do actual peirao. Pero según din algúns mariñeiros, os fortes temporais acabaron por desfacer o arrecife formado por os amontoamentos dos irregulares cantos e pedras. Logo, con parte destas pedras erosionadas fíxose o vello porto de 'Comboa', que tiña forma case triangular. Cómpre engadir que nun Real Despacho de 1774, pídense informes ó Intendente do Reino de Galicia sobre o mal estado dos peiraos e murallas.

Xa apuntamos, nas primeiras páxinas, que as autoridades locais do ano 1876 actuaron con bastante neglixencia á hora de proporcionar información gráfica e escrita sobre os selos municipais, que se viñan usando na Alcaldía desde hai máis de 40 anos.

Lembramos que J. Fariña Jamardo, 1993, *Os concellos galegos*, nos informa de que en cumprimento dunha Real Orde de Fomento, do 30 de agosto do ano 1876 (precisamente o ano seguinte da inauguración da Casa Consistorial) o Gobernador Civil da Coruña remitiulle ó xefe lo Arquivo Histórico de Madrid, o día 24 de setembro de 1877 as contestacións que lle deran os alcaldes da súa provincia, sobre os selos que usaban ou viñan usando e a súa historia.

O alcalde de Porto do Son mándalle os estampados con esmero e fiel copia dos selos que se usaban pola Alcaldía e Concello deste distrito, acompañando ó pé de cada exemplar cunha nota sobre o período de tempoq ue estaba en uso. En folla aparte veñen as tres impresións e ó pé de cada unha delas aclárase que... vén estando en uso hai máis de 45 anos. Só en dúas deséñase unha estrutura portuaria. V. LÁMINA.

Un dos selos utilizados pola Alcaldía no século XIX. A estrutura portuaria parécese un pouco á da 'Comboa', pero, loxicamente, aínda non fora rectificada a enseada co malecón ou muro costeiro. Por iso, os peiraos parecen partir da praia areosa. Dentro hai un buque de tres mastros; o de proa máis pequeno. Represéntase un mar ben axitado. Este selo parece que se usou desde 1832 ata 1877. Vai rodeado coa lenda AYUNTAMIENTO CONSTITUCIONAL DEL SON. Curiosamente, cómpre facer algunha puntualización, segundo un traballo de D. Carlos Vinagre, en *Fiestas del Puerto del Son*, 1954, o nome deste municipio variou ó longo do tempo. Foi "Puerto del Son", nos séculos XVII e XVIII; por Real Despacho de 1774, 17de maio, o Intendente do Reino de Galicia dá uns informes do mal estado dos peiraos e murallas e refírese como "Villa y Puerto del Son", que tamén usa o Sr. Comandante do Departamento de Ferrol. No século XIX o fabriqueiro da parroquia escribe "San Vicente de Noal - Villa y Puerto del Son". E no Real Decreto que lle concede o título de Excelencia ó AYUNTAMIENTO DE VILLA Y PUERTO DEL SON, dado en palacio por Alfonso XIII, o 22 de xuño de 1913. Outra puntualización refírese a que hai moitas dúbidas sobre o período de máis de 45 anos que vén estando en uso, segundo informa o Alcalde ó pé deste selo; é posible que a primeira data, a de 1832, sexa a de 1845, en que xa había unha constitución.



O outro selo usado pola Alcaldía de Porto do Son. Aquí vemos unha barquiña coa súa vela despregada que está a piques de entrar nun porto, que ten a forma un 'c' invertido. É un deseño un pouco afastado do anterior, o cal tiña un certo aprecido coa 'Comboa'. Realmente contén os motivos mariñeiros, o da barquiña e o do porto. As dúas figuras están dentro dun campo en forma de sopeira-estandarte e rodeado dunha artística orla que contén unha lenda máis democrática, <ALCALDÍA POPULAR DEL PUERTO DEL SON>. A primeira puntualización que habería que facer é a propia situación das figuras e o deseño do porto. A dársena non pode estar nesa posición polas dificultades orográficas que presenta a enseada, coas pedras como obstáculo, e por outra banda, non acubillaría ás embarcacións dos temporais do Oeste. Outro punto a sinalar é o carácter democrático da época, pois só a partir da Revolución de 1868, podería existir tal denominación da Alcaldía. Outro detalle permite falar de descoido e neglixencia do que fixo a estampación. Non mantivo un pulso firme e a tinta correuse e creou manchas na parte inferior do campo do selo.

O terceiro selo non nos subministra ningún tipo de información visual nin histórica.

Noutro orde de cousas, sobre a cuestión de que no escudo o porto da 'Comboa' garde dentro unha goleta de dous mastros, debo engadir que no meu arquivo fotográfico consérvase unha foto dun precioso bergantín-goleta de tres paus. Procede dun cadro que adorna a entrada á vivenda dos Señores de Ferrer, na Vila e Porto do Son. Aproveito para darlle as grazas de novo á xentil Glorita Ferrer, que tamén me permitiu outras tomas da antiga fábrica de salgado de peixe, que dirixiron os seus antepasados. V. FOTO 10.

Foto 10.- O bergantín-goleta 'Regina', propiedade de don Mamerto Ferrer Romaní e de don Ramón Villota Gelabert. Druante o século XIX este tipo de buques de gran porte eran coñecidos na vila de Porto do Son. Este era utilizado para o transporte de toneis con peixe salgado.

Resulta un buque moi grande, pero un máis pequeno podería entrar dentro da 'Comboa'. E ata é posible que só atracasen na parte exterior dos peiraos parar cargar.

Foto 11. E tamén resulta sumamente curioso que, posiblemente, no único exvoto pictórico de barcos do interior da parroquial de San Vicente e Noal, así mesmo se representa un barco de dous paus. Trátase dun cadro no que se representa un buque en medio dunha terrible tormenta con catro homes a bordo que imploran axuda ó Señor. O Nazareno atópase no ángulo superior dereito, rodeado dun nimbo de cor amarela. Na inscrición dáse as grazas a Deus e prométeselle a entrega de cera do valor do mastro de proa.

Non queda pois dúbida de que este tipo de buques de gran porte eran coñecidos na Vila de Porto do Son. non sabemos con exactitude como era a estrutura portuaria ou que tamaño tiña a boca do porto durante o século XIX; e tampouco hai un debuxo co deseño dos peiraos de abrigo durante o século XVIII. No noso traballo sobre a *Toponimia do concello de Porto do Son*, 2000, páx. 79, expoño que ó Oeste da 'Gudela', ou dos baixos da 'Gudela', exténdese un impresionante campo de pedras voantes e cantos rodados que se espallan sobre unha enorme rocha lisa, case continua que deixa, ás veces, algúns pequenos afloramentos, e que forma a súa base de asentamento. Os límites

deste amplo conxunto de medianos pelouros son o peirao setentrional (o 'muelle' novo), a propia 'Gudela' e a pedra da Sagrada. Á vista deste pedregal, sobre o que bate constantemente o mar, algúns vellos mariñeiros suxeríronme que noutros tempos as pedras formaban parte dun dique. que servía de protección nos temporais, para as embarcacións varadas na praia.

E, en efecto, dela falan o ESPASA e tamén Barral (*Historia de Porto do Son y su distrito*, 1989). Realmente, se se observa ben todo o penedío, vese que lle quita toda a forza as vigorosas ondas do mar que veñen morrer xunto ás grandes pedras sobre as que se asenta o actual peirao de protección.

Os meus amigos mariñeiros contáronme que as tempestades acabaron por desfacer o arrecife, e logo, con parte destas pedras erosionadas, fíxose o vello porto da 'Comboa', pero por non asentaren ben unhas pezas con outras sufría continuos derrubamentos nas fortes maruxías; por iso tívose que levantar, posteriormente, nos anos vinte do século XX, segundo refire Carré Aldao, no Tomo I da *Xeografía do Reino de Galicia*, un peirao exterior máis consistente que se chamou 'muelle' novo, e que aínda existe, a pesar da última reforma.

En canto a esa estrutura portuaria en forma de ‘C’ invertido, non estamos en condicións de saber se realmente existiu ou si simplemente se trataba de poñer uns elementos mariñeiros que simbolizasen a vila. Realmente, tamén resulta significativo que en vez dun barco grande, estea representada unha barquiña valeira. Posiblemente, debido a que vai coa lenda <ALCALDÍA POPULAR> poderíase deducir que xa non era un porto utilizado por grandes embarcacións de transporte de peixe salgado cara ós grandes mercados de

consumo nacionais, senón que volvía a recuperar o seu carácter mariñeiro e o usaban as barquiñas e pinazas de Porto do Son.

Hai varias ilustracións que así o corroboran. Aínda que hai algún navío de tres paus, como xa vimos no primeiro selo, varias destas barcas están atracadas na 'Reproducción en bromóleo de los muelles de Porto do Son', sobre una fotografía del año 1887, páx. 104, *Porto do Son. Aspectos Geográficos e Históricos*, M. Mariño del Río, 1990.

Por outra banda, do exame das estampas que ofrece Fariña compróbase que neles no n figura o outro símbolo heráldico que representa a Porto do Son, a igrexa parroquial de San Vicente de Noal. En consecuencia, no primeiro terzo do século XIX as autoridades locais non tiñan en conta o outro elemento que destaca xunto co porto na enseada da vila. Con todo, os rexedores do concello do último terzo si a tiveron en consideración para o deseño do escudo.

Da análise das divisas que van nos selos, o primeiro, o que pon na orla <AYUNTAMIENTO CONSTITUCIONAL...>, parece que encaixa perfectamente coa ideoloxía de comezo do Liberalismo español, e a lenda do segundo<ALCALDÍA POPULAR...> deixa entrever ás claras a ideoloxía do Sexenio Democrático e a I República Española, que, precisamente, estivera en vixencia só dous anos atrás.

E así mesmo poderíase inferir unha correlación entre o barco de alto porte, de tres paus, que se representa no primeiro selo, co desenvolvemento da industria pesqueira (lembremos a chegada dos cataláns para dirixir actividades fabrís relacionadas coa pesca); e sabemos que no ano 1774 instálase na vila de Porto do Son unha factoría pioneira para o salgado de

peixe rexida polo vasco Juan de Bildós, e castelán, Vildós, segundo *Aproximación a la fiscalidad sobre la pesca*; Juan Manuel Vázquez Lijo, C. E. G., Tomo XLVI, páx. 60. E segundo amosa o óleo do corredor da casa dos Sres. De Ferrer, vimos antes o bergantín-goleta de transporte cos seus tres mastros. Pero a finais do século XIX iníciase a decadencia da actividade pesqueira e fabril, co que parece que a segunda estampa está a reflectir a volta a actividade pesqueira tradicional.

Temos aínda outra cuestión que foi tratada de paso ó falar das opinións diverxentes sobre o edificio relixioso que está representado no escudo. Lembremos que o apaixonado razoamento que fai Barral quedaba descartado, pois a capela da Atalaia na época en se labrou a nosa pedra de armas municipal carecía de torre para as campás; e por outro lado, o seu campanario ergueuse no ángulo dereito do seu pincho, e por conseguinte, en nada se parece á torre centrada sobre o pincho da fachada da igrexa parroquial. E, pola contra, a silueta frontal que amosa o templo de San Vicente coa súa esvelta torre para as campás ben centrada encaixa perfectamente coas características da imaxe que ofrece o escudo.

Aínda se pode facer unha análise máis especificativa da capela da Nosa Señora da Misericordia da Atalaia e da igrexa parroquial de San Vicente de Noal.

Respecto á primeira, e no caso de que non coñecésemos os datos cronolóxicos, e non sabendo tampouco as sucesivas ampliacións que agrandaron a capela, unha descrición breve dos dous edificios resulta suficiente para zanxar esta cuestión.

Comezamos definindo os rasgos máis salientables da silueta do templo representado no escudo.

- En primeiro lugar, destaca a impoñente vista frontal da súa fachada, coa esvelta e centrada torre, erguida sobre o vértice superior do seu pincho.
- En segundo lugar, aínda que as leis heráldicas o prescriben, destaca a grosa moldura ou cornixa que percorre o pincho.
- En terceiro lugar, o oco da porta de entrada ten forma de arco semicircular, como moi ben permite apreciar a sombra que proxecta o sol sobre todo o escudo.
- En cuarto lugar, a correlación entre o alto eo ancho da fachada, transmite unha sensación de volume proporcionado e elegante, cun predominio da altura sobre a anchura.

Nesta foto do escudo verificamos estas catro características que ofrece a figura da parroquial que, a pesar de que lle afecta un pouco a sombra do peirao en volta, apreciamos o campanario, a cornixa, o arco de entrada principal e as proporcións da súa fachada. V. FOTO 12.

Foto 12-. Imaxe do escudo municipal ás oito da mañá.

Esta toma foi feita as oito da mañá, cando o sol incide en todo o relevo destacando con nitidez todas as súas figuras. A sombra queda ó leste ou lado dereito do observador, permitindo verificar o excelente traballo e a boa técnica do seu artífice. Fixémonos nos sucos que separan as follas das palmeiras do marco ou mesmo os pregues do pano ou cartela onde vai a completa lenda que timbra o escudo. _____

Especificamos agora os elementos de frontispicio da nosa parroquial. En xeral, ofrece unha sensación de verticalidade, a cal se ve acentuada polo impoñente e airoso campanario, que ten unha altura equivalente ó da súa fachada, co que o alto total da silueta e o dobre do ancho que ten o templo. En contraposición á sobriedade e carencia de ornamentación, que en xeral apreciamos no primeiro corpo, os ocos, a elegancia de formas e o ritmo ascensional decrecente da torre campanario fai que este sexa o elemento máis dinámico e máis ornamental de todo o edificio.

O primeiro tramo deste ben traballado campanario é macizo e está ben proporcionado; o segundo, o das campás, semella máis livián, os seus catro ocos van ornamentados con balconciños de finos e traballados balaústres; no terceiro corpo, vai unha lanterna de base octogonal con outras catro oquedades e con outra media esferiña, asentada agora sobre un ben proporcionado cilindro sen luces; conforma o ser remate unha alta e graciosa torre formada, á súa vez, por catro elementos en diminución progresiva, sendo o último unha bola de pedra na que se apoian a cruz de ferro e o pararraios. Axudan a remarcar a ascensionalidade deste elegante e aposto campanario as dúas torres pirámide que se erguen nos dous tramos quebrados da cornixa. Así, pois, coroando a fachada neoclásica alzouse un campanario de sabor barroco e de excelente fartura. V. FOTO 13 e LÁMINA.

Foto 13.- Vista frontal da igrexa parroquial de San Vicente de Noal –Vila e Porto do Son. Vemos o primeiro corpo coa porta de entrada acubillada por unha arcada de medio punto; sobre ela o nicho onde está San Vicente mártir, e máis arriba unha fiestra. A cornixa que marca o pincho, que fai o tellado a dúas augas, leva nas súas esquinas dous graciosos pináculos, e no centro asenta o primeiro corpo da torre campanario.



A fachada e a planta coa indicación das alturas do seu interior, debuxados polo padre Pedro Nolasco Gaite. *Cuadernos de dibujo,* Tomo III. Debuxo nº 174, San Vicente de Noal – Vila e Porto do Son. O padre Pedro Nolasco foi un magnífico debuxante que tiña por costume vir predicar ó Son, e deixounos constancia desta espléndida perspectiva frontal, onde ademais se aprecia con absoluta claridade esa sensación de verticalidade, que xunto cos pináculos laterais, consegue dar esa esvelta e artística torre-campanario.

Pola contra, a sensación volumétrica, que presenta a capela da Atalaia na súa fachada, tamén rematada en pincho, dálle unha aparencia de pesada horizontalidade, só rota pola pequena e maciza torre das campás, que se levanta na metade inferior do lado dereito do pincho. Ademais a porta de entrada ten forma rectangular e adintelada.

Tamén hai que analizar a orografía do seu lugar de asentamento. A base na que se localiza o edificio relixioso representado no noso emblema municipal está formada por un cúmulo de rochas situadas mesmo á beira do mar. Este detalle ten unha enorme importancia pois ven a favorecer unha vez máis ó templo parroquial.

Pero é que, ademais, os seus seixos e cantos rodados parece que soben polo costado este do edificio, como en efecto así sucede na realidade, se vemos a igrexa de San Vicente desde a praia de 'Ríos'. Hoxe aínda perduran os cantís da chamada 'turris sinum', un outeiro rochoso de cor escura, polo predominio do óxido férrico nas rochas, que antecede ó monte da 'Tarela' –que precisamente desde un punto de vista etimolóxico quere dicir de rochas- e que é unha testemuña do corte que se fixo para trazar a estrada Noia-Sta. Uxía de Ribeira.

Este pormenor non pode darse na capela da Nosa Señora da Misericordia da Atalaia, xa que esta se sitúa coroando un promontorio, de aí, o apelativo de 'vixía' co que vai acompañada, e que está cortado a pico polo seu costado Oeste. Hoxe, rodeando este illado remate, hai un mirador cun varandal de pedra a onde imos contemplar a marabillosa panorámica da entrada da Ría de Muros e Noia [posiblemente sexa esta vista de 'Monte Louro', un bastión granítico de forma apiramidada –continuación das estribacións do macizo do

‘Pindo’– que centra toda a vista mariña que desde este incrible balcón deixa a un atraído. V. FOTO 14 e LÁMINA da Capela.

Foto 14.- Vista frontal da capela de Nosa Señora de Misericordia da Atalaia (1990). A fachada principal describe un cadrado de lados exactamente iguais, o superior proxéctase cara arriba co clásico pincho que caracterizaba tamén as antigas casiñas mariñeiras dos séculos XVIII e XIX, co seu tellado a dúas augas. A metade inferior do lado dereito do pincho serve de asentamento ó corpo macizo da pequena torre das campás.

Á esquerda, os muros almeados da sancristía engadida nos primeiros anos do século XX, e tamén o sinxelo campanario erguido sobre unha peaña de planta cadrada, formado por catro machóns unidos por arcos de medio punto e rematado por un pináculo con bolas e unha cupuliña. Realmente só o altar maior pertence á antiga capela do século XVI.



Debuxos do Padre Pedro Nicolás Nolasco Gaite da fachada, planta e altar maior da capela da Atalaia. O padre Pedro Nolasco Gaite deixounos tamén estes debuxos da planta, cúpula e altar, e fachada da capela da Nosa Señora da Misericordia da Atalaia. Notamos varias diferenzas. Cara a 1940 había un pináculo na base esquerda do pincho, o campanario non

remataba na cruz de ferro que ten hoxe e o seu pararraios; así mesmo aínda non se engadira a sancristía lateral, e tampouco se lle puxera o seu nome sobre unha banda de azulexos. Este debuxo 176 da colección permite ver ben as diferenzas coa fachada do edificio relixioso que se representa no escudo. Só unha persoa chea de entusiasmo indescritible e ben intencionado, por suposto, pode facer aquel aserto de que o pobo converta a Atalaia en símbolo heráldico do seu blasón oficial.

APARICIÓN DE FENDAS NO ESCUDO

Sempre pensei que o único problema que podía afectarlle a nosa pedra de armas municipal era o da súa adaptación a nova situación política. A Comisión Heráldica, dependente da Xunta de Galicia, está elaborando unhas leis de uniformización heráldica para todos os concellos galegos. Parece que hai a intención de timbrar todos os emblemas municipais con cora real pechada, como xa se dixo na INTRODUCCIÓN.

Pero a finais de xullo de 2008, a desenfreada carreira construtora de vivendas na Vila de Porto do Son tíñanos reservada unha desagradable sorpresa. Apareceron cinco ameazadoras fendas, que están a afectar gravemente ás figuras do escudo.

O edificio civil máis emblemático da Vila, o que foi Casa Consistorial durante máis de 125 anos, corre un serio perigo. De todos é coñecido que hoxe acolle as dependencias do 'Centro de Interpretación do Castro de Baroña', e dispón dunha sala de usos múltiples para a realización de diversas actividades culturais, o cal, xunto co museo da planta superior, fai que sexa un lugar moi visitado e de gran utilidade social.

Cando só me faltaba por facer a introdución deste novo traballo sobre o escudo municipal (que traía elaborado de Lugo), quixen comprobar 'in situ' se quedaban analizados todos o seus detalles. Cabía a posibilidade de que algún aspecto non quedara recollido con claridade nas fotografías feitas xa hai algúns anos.

Sempre prefiro a luz das oito da mañá para reexaminalo ben. A incidencia lateral dos primeiros raios solares fai destacar todos os obxectos.

Pero ó acercarme vin que toda a fachada quedaba en sombra. A construción dun enorme bloque de vivendas bastante apegado e coa súa fachada seguindo a liña da 'Rúa de Fernando Fariña', e dado que o antigo consistorio quedaba uns tres metros botado para atrás, impedía que o escudo relucira con todo o seu esplendor.

As figuras do seu campo xa non destacaban con nitidez. E foi entón cando quedei desagradablemente sorprendido. Varias gretas percorren toda a cantería onde foi labrado. V. FOTO 15.

Foto 15.- O escudo ameazado por unhas inoportunas gretas. O escudo municipal do Concello de Porto do Son, en xullo do 2008, apareceu percorrido por cinco fendas que lle afectan gravemente. A do medio, que vai de arriba abaixo, mesmo á dereita da goleta de dous paus, atravesa o chamado 'muelle' vello, e xa o está desfacendo.

Cómpre dicir que é moi importante ter en conta o seu tamaño, a súa dirección e ata o seu ancho. Unha fiel descrición de todas elas encerra a

explicación da súa orixe, aínda que non a causa que a descubriu. Distínguense moi ben catro fisuras que poñen en risco de desaparición varias figuras. Aproximadamente polo centro pasan dúas fendas case paralelas, que de arriba abaixo cortan todo o escudo agás a divisa que o timbra, pois foi labrada na súa totalidade noutra cantería; vese moi ben o suco ocupado pola masa utilizada na súa unión. A maior delas afecta ó peirao máis longo, o chamado 'muelle' novo, mesmo por onde comeza a virar cara ó sur, en dirección ó outro peirao, o 'muelle' vello, quedando entre os dous a boca da 'Comboa'; logo, e debido a que se fai máis grosa, causa serios desperfectos no seu percorrido desfacendo xa a superficie do 'muelle' vello. Esta é a figura máis danada.

A outra fisura, un pouco máis pequena, só atravesa a voluta dereita da parte central do marco superior e métese uns poucos centímetros polo mar exterior da 'Comboa'.

Tamén outro par de fendas, igualmente paralelas e coa mesma dirección, quedan localizadas no borde destro, é dicir, no seu borde esquerdo, segundo as leis heráldicas; a da dereita, así mesmo e de maior tamaño, vai de arriba abaixo; e onde mellor se nota é ó atravesar o marco de follas de palmeira, mesmo debaixo da igrexa parroquial de San Vicente.

Finalmente, unha quinta greta apréciase no cantón dereito, v.g.r. o esquerdo para o espectador, e aféctalle ó argoneo e cepo da áncora que vai acolada por detrás.

Ante estes desperfectos achegueime á 'Casa da Cultura'. O concelleiro informoume de que xa dera aviso ó arquitecto municipal. Insistinlle en que se tomaran medidas canto antes, pois a superficie do peirao pequeno xa estaba moi deteriorada. Así mesmo ofrecinme para falar co Sr. Director Xeral de

Patrimonio, D. Felipe Arias, a quen coñezo desde os meus anos de estudante en Compostela. Debo adiantar que a finais de setembro encontrámonos por casualidade en Lugo e deille conta das miñas preocupacións; quedou en que trataría o tema co Sr. Alcalde.

Despois da miña visita ó señor concelleiro volvín facer unha análise máis polo miúdo da fachada e do interior da fábrica do antigo concello, e, por suposto, do seu entorno.

En efecto, había máis partes deterioradas. Todos os problemas ocasionounos a construción dun bloque de vivendas a tan só 4m da parede lateral esquerda do antigo Consistorio. O novo edificio conta cun soto para garaxe, e unha planta baixa co portal principal de acceso desde a 'Rúa de Fernando Fariña', e logo van as dúas plantas.

Todo parece indicar que a profunda escavación baixo o nivel da calzada para gardar os coches e para a propia estrutura do resto das plantas, ademais dunha entrada lateral dos vehículos, a través dunha costa mesmo a carón do vello edificio, deixouno desprotexido, a pesar do pequeno muro de reforzo apegado á parede de mampostería. O volume edificado fixo que se resentise toda a antiga fábrica, repisando todo o seu costado esquerdo. Como consecuencia apareceron moitas gretas no interior, na fachada principal, e sobre todo resultou seriamente afectada a cantería onde se labrou o escudo municipal, como xa se apuntou.

No interior xurdiron varias e preocupantes fendas. A primeira serie localízase no lado esquerdo da planta baixa. A máis visible está a carón das escaleiras de acceso á primeira planta. Outra percorre de arriba abaixo o ángulo esquerdo formado pola parede lateral de mampostería, que dá ó novo

calexón en costa (que serve para acceder ó garaxe) e á parede de cantería dá á fachada principal. Hai un sinal exterior moi significativo; na cuarta cantería da esquina esquerda aparece unha boa fractura.

Na sala de usos múltiples da planta baixa hai outras facilmente localizables: unha alongada fractura vese mesmo na unión do solo enlousado coa parede lateral de mampostería; este ángulo interior esquerdo resultou moi afectado.

Na primeira planta, adicada a museo do 'Centro de interpretación', tamén se aprecia a separación do chan das paredes laterais, sendo a máis notable a do seu lado dereito; a abertura é tal que permite ver a luz da planta baixa. Por outra banda, nas citadas paredes de mampostería, mesmo onde se empotran as potentes vigas de madeira, que van de lado a lado, aparecen uns claros sinais de desencaixamento e unha fisura rodean os encastrados. Nas novas vigas de ferro utilizadas na parte traseira, cando se restaurou o edificio, non se aprecia, de momento, ningún desperfecto.

Cómpre engadir que como contamos con fotografías da fachada dese hai 30, 10 e 5 anos, ante esta imprevista situación, atrevinme a facer unha somera análise comparativa coas feitas no verán do ano 2008. Prestei unha maior atención á cantería onde foi labrado o escudo. A min as ampliacións facilítanme moito o traballo.

Como conclusión, podo dicir que xa as primeiras tomas, as anteriores á época de restauración da fachada, deixan ver unhas estreitas diaclasas, case imperceptibles. Son pequenas rupturas sen desprazamento que están cheas de fragmentos de cuarzo branco-grisáceo. V. FOTOS 16, 17, 18 e 19

Foto 16.- Unha das fotos máis antigas do vello consistorio. Nesta vista parcial da fachada do antigo edificio, que albergou durante 125 anos as oficinas do Concello de Porto do Son, vemos parte do pincho coa cornixa e sobre ela a pequena torre cadrada para a sonería do reloxo, que desgrazadamente desapareceu na época franquista. Logo vemos a cartela coa lenda oculta por unha capa de area con cal. Debaixo está o escudo tal como eu o coñecín cando tiña uns quince anos. Aínda non posuía zoom e apenas se aprecian os detalles labrados.

Foto 17.- Vista parcial da planta superior no momento da restauración no ano 2000. Foto da planta superior feita no momento en que se estaba a restaurar o vello Consistorio para instalar alí o 'Centro de Interpretación do Castro de Baroña'. Debaixo do pincho vemos o oco para o eixe onde xiraban as agullas do reloxo circular exterior. Debaixo, a cartela coa lenda historiada, e a uns centímetros, o escudo. A andamiaxe non permitía unha toma mellor. Xa se repararan os varandais de ferro forxado, puxéranse as fiestras de aluminio verde, repuxéronse as unións entre as canterías, e xa contaba cunha nova cubrición de tellas.

Foto 18.- Foto tomada despois da operación de limpeza á que foi sometido o escudo. Nela e cunha potente lupa puiden apreciar as rupturas orixinarias con máis claridade, pois o cepillo de púas metálicas ou o lavado con auga a presión (eu non vivo no Son e por iso non o sei con certeza) xa deixan ver as diaclasas que mencionamos no texto. Localiceina grazas a que se desprenderon algúns fragmentos cuarcíticos. Pódese verificar que ocupan un mesmo os trazados das actuais fendas.

Foto 19.- Primeiro plano do escudo coas fendas que o atravesan, no verán do ano 2008. O proceso de repisamento desgrazadamente aínda non rematou. Aprécianse con claridade a súa disposición en trazos paralelos e as cinco coa mesma dirección. Ningunha delas sae da cantería onde se labrou o escudo municipal.

Dun exame comparativo da serie de fotos que posuimos, e aínda que non son un especialista nestes procesos de deterioro, dedúcese que o feito de que todas as faixas teñan o mesmo sentido, cousa que xa me chamou a atención desde un principio, permite supoñer que a pedra elixida para labrar o escudo, aínda sendo de similar cor cás do resto da fachada, debía ter unha textura máis branda, e, sobre todo, posuía xa en orixe unhas vetas de cuarzo.

E non se trata de que se fixera por parte dun experto traballador da pedra unha mala elección. Só habería algún problema se se exercesen presións. Cousa inimaxinable para o artífice do escudo.

Lembremos que o edificio érguese exento, sen estar apegado a outras vivendas. Parece que a familia Roig, segundos e me fixo saber, tivo que ver na doazón do lugar e na aportación de capital para a súa construción. O escudo data de 1875 e sempre tivo as listas cuarcíticas. Só cando a excesiva profundización do espazo contiguo á súa esquerda, para erguer unha masa de gran volume e cun garaxe soterrado, aqueles materiais cristalinos comezaron a desprenderse. Así se iniciou un proceso que, desgrazadamente, pode ir a máis.

Debo engadir que o primeiro sinal de perigo apareceu cando se fixo a operación de limpeza que antes apuntei. Debeuse utilizar algún cepillo con púas metálicas ou chorros de auga a presión , e en consecuencia comezaron a soltarse os cristais de recheo. Aparecen xa uns ocos que delatan que se exerceu un forte rascado.

Por outra banda, o fenómeno das vetas de cuarzo é moi frecuente nas laxas graníticas de todas as nosas praias. Mesmo as pedras do 'Brañón' ou os cantís da praía do 'Dique' están percorridas por filóns de cuarzo, a veces bastante grosos. A erosión do mar ou da auga da choiva fai que se desprendan

algúns fragmentos, e logo o mar actúa desgastándoos; así se crean os chamados vulgarmente pelouros brancos e grises que tanto abundan entre as rochas daqueles lugares e mesmo na area da praia.

O FEÍSMO URBANÍSTICO

Outro aspecto diferente, pero en conexión co tema que tratamos, é o da estética. Todos coñecemos varios casos representativos do chamado feísmo urbanístico. Tamén no noso concello se poden ver algunhas descoidadas actuacións. Ultimamente están a aparecer exemplos moi rechamantes.

A vila, a capital do concello, sempre deixou prendados ós visitantes e ós que viñan pasar uns días connosco. O trazado urbano, cunha praza central e case todas as rúas perpendiculares e paralelas, e desembocando na enseada onde está o porto, encerraba pequenas praciñas recantos enlousados de pedra, pequenas vivendas de tipoloxía mariñeira, onde a fachada co seu remate en pincho e o balcón co seu varandal de ferro forxado, dábanlle ese sabor tradicional que tanto se bota de menos nas novas construcións. O uso sistemático da pedra, na súa variedade de granito da 'Enxa', en case todas as vivendas; a simetría dos ocos da fachada, e os tellados a dúas augas, fixo que os nosos antergos nos deixaran un lugar acolledor no que primaba a estética, o bo busto, ademais de dispoñer as construcións en ringleiras para esquivar o vento.

Pero aqueles antigos recantos enxebres están a desaparecer. Por exemplo, a fachada de cantería do vello consistorio, algo retirada da liña da Rúa de 'Fernando Fariña', formaba co muro encalado que ía enlazar coas restantes vivendas ata a 'Praza de España', non desentoaba nin faltaba ós principios da máis elemental estética. Agora aquel ángulo escondido deu paso a un novo recanto 'visual', que visto desde a 'Praza de Rosalía de Castro', ou desde as rúas que pasan polo costado dereito do 'Centro de Interpretación do

Castro de Baroña', causa unha pésima sensación. Non se tivo en conta para nada que xunto a un edificio histórico e artístico se erguese unha moderna construción pintada de cor laranxa, chea de respiradeiros e fiestras de aceiro inoxidable mesmo na parede apegada á baixada do garaxe que antes apuntamos.

Así mesmo, na 'Praza de España' levantouse un moderno edificio con soportais de traza rectangular e estreita mesmo apegado á fachada dunha casa de boas canteiras, que loce nunha inscrición e data de 1837.

E na 'Rúa de Caballeros' a reinstalación do antigo emblema inquisitorial, do século XVI non foi acertada. Posiblemente, este relevo pode ser o máis significativo resto do que algún día foi o pazo urbano de D. Juan Patiño, fillo de D. Pedro Patiño, fundador da linaxe dos Patiño de Noal en 1580. Agora no modernísimo bloque de vivendas que viu substituir a aquel cine e salón de baile, que moitos lembramos, aquel escudo da Suprema Inquisición case nin se ve. Non hai nada parecido a aquel muro de boas canterías que lucía o único escudo da Inquisición en todo o concello.

No documento en que Juan de Carantoña Giance de Caamaño Patiño (proba de nobreza e limpeza de sangue), en *Linajes Galicianos*, 1998, Pérez Constanti, puntualízase:

"Bautizado en la villa de Muros el 11 de junio de 1655, hijo legítimo de don Fernando de Mendoza Carantoña y Montenegro, señor de la Casa de Carantoña... y por la materna de Domingo Giance da Costa, natural y regidor de Muros y de doña María Patiño, oriunda de San Vicente de Noal (Puerto del Son), e hija de Juan Patiño, el Viejo, sñor de la Casa de Noal, familiar del Santo Oficio y de Catalina Oanes.

Y el apellido Patiño tiene su casa en la feligresía de Noal, Puerto Doçon, del cual descendían la abuela materna del pretendiente, María Patiño, Don Frey Alonso Patiño, Caballero de la Orden de San Juan de Malta, y Mayor Patiño. Añádase que la Catalina Oanes, mujer de Juan Patiño el Viejo, era heramna de Juan de Corposanto..., que el doctor Alberto Patiño, hermano de María Patiño, fue colegial de Fonseca y después se entró religioso de San Francisco..."

NOTA: verificamos como no século XVII os documentos aínda usan a grafía Puerto Doçon = Puerto do con; con = laxa que queda ó descuberto ó baixar a marea; o con céltico sería 'O Peito'.

Noutro documento cara a 1620 así mesmo vemos como Juan Patiño consta como "familiar" do Santo Oficio ["familiar" quere dicir "informante"].

"Acta en que don Juan Patiño y Figueiras, familiar del Santo Oficio, hijo de don Pedro Patiño y de doña Teresa de Figueiras, fundadores de un mayorazgo el año 1580, al que agregó bienes su hermano el colegial de Fonseca, don Alberto Patiño". Ramón de Artaza, *La villa de Muros y su distrito*, 1959, páx. 510.

E por outra banda, tamén sabemos que ademais da Casa-Torre orixinaria dos Patiño de Noal, da que seguramente son aquelas xa citadas cruces de Malta das bases do cruceiro de Loreto, estes fidalgos sonenses tamén tiveron outra casa-pazo, pois José Barreiro Barral, *Historia de Porto do Son y su distrito*, 1989, páxs. 78-79, investigou nos libros de Confrarías da Atalaia, e infórmanos de que alí se di: “Pedro Patiño, hombre rico y mercader, posiblemente prestamista, casado con la muradana Tareixa de Figueiras, compra título y blasón, vincula todos sus bienes y funda el mayorazgo de los

Patiño en 1580 en la Villa de Puerto del Son. Después de otorgar testamente ante el escribano de Noia, Iván González, murió en su propia casa de Puerto del Son el 22 de junio de 1586".

E outra vivenda súa estaba en Muros. Lembremos que o Padre José. S. Crespo Pozo, *Balsones y linajes de Galicia*, reedición 1997, proporciona unha vaga referencia de que os Patiño son orixinarios da parroquia de San Vicente de Noal (Porto do Son), e logo pasa inmediatamente a tratar a rama muradá.

Non hai que esquecer que os primeiros Patiño casan con mulleres de estirpes muradás. E por esta razón o lugar de nacemento das súas donas impúxose á parroquia de orixe dos seus maridos. Polo tanto, a terceira Patiño, María Patiño Oáns, a que celebra matrimonio con Domingo Giance de Caamaño no ano 1665, ten descendentes en Muros; estes entroncan logo cos Carantoña, e un dos seus sucesores casa, nada menos que coa Condesa de Medina Contreras, de Valladolid. Comezando entón estes Patiño a voar moi alto. Un Patiño será ministro de Felipe V.

De todas estas bases documentais dedúcese que estes fidalgos tiveron sen dúbida pazo na vila de Porto do Son. E o único escudo da Inquisición é este do que falamos anteriormente, situado na 'Rúa de Caballeros'. Precisamente o apelativo desta Ruá está relacionado coa existencia no lugar dun pazo onde vivían cabaleiros fidalgos. O que isto escribe aínda lembra que detrás do cine-salón baile e casa do seu dono, estendíase unha boa finca ata a estrada que vén da igrexa cara a Ribeira; teño a imaxe dun hórreo cos seus remates cunha cruz nimbada, todo en medio de viñas e unha boa masa arbórea e arbustiva.

É de esperar que o parón da desenfreada construción deteña para sempre as actuacións en contra do noso patrimonio histórico artístico. Nesta última década, como xa adiantaba nas páxinas da Presentación do meu traballiño sobre *A toponimia do Concello de Porto do Son*, 2000, "… están a desaparecer moitas vellas vivendas, algunhas de tipoloxía mariñeira moi antiga, que lle daban as nosas rúas unha forte personalidade e un engado que deixaba a todos prendados. É a contrapartida do progreso. En todos os lugares, vilas e cidades van perdendo anacos da súa alma. A costa galega estivo ocupada ata non hai moitos anos por fermosas aldeas e vilas mariñeiras que ademais da poboación concentraban unha importante parcela da arquitectura popular. Máis á vista de progresivo proceso de destrución vivido polas nosas poboacións costeiras, nos que unha infraestrutura creada para dar servizo ás pobres necesidades dunhas minúsculas vivendas mariñeiras viu soportar a aparición de novas edificacións de catro, cinco e seis plantas, totalmente alleas a aquelas tipoloxías. Podería afirmar, sen risco ningún de trabucarme, que a presente década vai vivir a desaparición da arquitectura popular da Galicia mariñeira, unha arquitectura xa practicamente inexistente en moitos dos nosos portos e convertida nun conxunto residual fóra do uso no resto dos seus vellos enclaves…"

Desgrazadamente, cumpríronse punto por punto todas estas apreciacións e temores.

O máis sensato sería que os núcleos de poboación, tanto urbana como rural, crecesen respectando sempre as antigas construcións. Débese edificar no estilo da zona. E se hai que aumentar as plantas, o estilo do xa edificado debera servir de modelo ó alce que se lle dea. E o aproveitamento baixo a

cuberta pódese retranquear con respecto á fachada principal, como xa se está a facer en moitas vivendas. Non terían que desaparecer as casiñas de tipoloxía tradicional. Aquelas que utilizaban criterios de simetría na fachada para a colocación das fiestras e as portas centradas. Os balcóns na primeira planta coas varandas de ferro forxado eran algo típico que ademais tiñan moita utilidade. Esta tradición de corredores ó longo das fachadas viña xa da arquitectura preindustrial. Tiña moito que ver nelas a bonanza do clima.

O uso sistemático de canterías na fachada e a tella tradicional nas cachorrudas por riba do canalón, que recollía as augas, eran os elementos dunha arquitectura popular que hoxe está a soportar un proceso de redución demasiado rápido. Todos debéramos reflexionar sobre estas cuestións.

POSIBLES MODIFICACIÓNS DO ESCUDO MUNICIPAL

No ano 1992 foi creada a Comisión Heráldica da Xunta de Galicia. Entre outras competencias, encárgase de tramitar o estudo dos expedientes para a creación, modificación ou rehabilitación das armas e insignias municipais. Tamén asesora ás corporacións municipais, pode confeccionar proxectos, e coida do uso correcto dos emblemas heráldicos. Cando se remate o estudo e primeira formulación duns criterios e principios xerais, terán á súa disposición a base dunha promulgación dos principios heráldicos que unifiquen criterios e actuacións.

Hai xa unha serie de normas ben definidas. O deseño ou soporte debería ter a forma cuadrilonga coa súa parte inferior redondeada. Excepción só daqueles casos xustificados por un uso multisecularmente consagrado, pero nunca contrarios ós que consagran a propia tradición heráldica española. Polo tanto, se se aplicase, perderíase a orixinalísima forma do noso escudo municipal. Cando o concello teña que tramitar o expediente, habería que conseguir un consenso popular que permita a modificación da forma do seu deseño. A transformación dos cantóns superiores pode causar demasiada distorsión. A actual forma en arco do xefe ten que dar paso a dous ángulos rectos unidos. Polo que respecta a metade inferior, ou mellor a punta do escudo, manteríase o seu deseño orixinal en curva.

En canto ó timbre, é dicir, á cartela que contén a lenda, xa sufriu os avatares da historia. Estivo cuberta durante o réxime franquista cunha capa de cal e area. E agora, cando só levamos unha ducia de anos podendo ler o seu contido histórico-cronolóxico, pode desaparecer de novo. Os criterios deste

adorno exterior din que o único timbre admisible para as armerías dos concellos galegos é a coroa real española, chamada comunmente pechada, con cinco floróns vistos, catro perlas e cinco pedras preciosas, é dicir, de acordo coa maneira tradicional. Non serán aceptadas divisas, cartelas ou bandeiras, agás que exista unha concesión expresa. Polo tanto, haberá que acollerse tamén a esta posibilidade que deixa a aplicación de criterios unificadores.

BIBLIOGRAFÍA

ARTAZA MALVÁREZ, Ramón de, 1959, *La villa de Muros y su distrito*.

BARREIRO BARRAL, J., 1989, *Historia de Porto do Son y su distrito.*

BOLETÍN INFORMATIVO DO AXUNTAMENTO, 1984, Nº 0.

BRAVO CORES, David, 2003, *Piratería y corsé en la Ría de Muros y Arousa*. Historia 16, Nº 326.

CARRÉ ALDAO, Eugenio, 1929, *Geografía General del Reino de Galicia*. Director Carreras Candi. Provincia da Coruña. Tomo II.

CIRLOT, Juan Eduardo, 1991, *Diccionario de símbolos.*

CRESPO POZO, José S., 1997. Reedición. *Blasones y Linajes de Galicia.*

CUARTAS, Augusto, 1990, *Apellidos Gallegos*.

DE CÁRDENAS VICENT, V., 1976, *Heraldario español, europeo y americano*.

FARIÑA COUTO, Luciano, 2001, *O libro da Heráldica Galega*.

FARIÑA JAMARDO, J., 1993, *Os concellos galegos*.

GAITE, Pedro Nolasco, 1991, *Monumentos de Galicia. Cuadernos de dibujo*.

HOLDER, Alfred, 1962, *Alt Celtischer Spraacaschatz*, Tomo III.

LOUSADA RODRÍGUEZ, M., 2004, *Torres-Fontaleza de Pumares*.

MARIÑO DEL RÍO, M., 1990, *Porto do Son. Aspectos geográficos e históricos.*

MOGROVEJO, Endica de, 1998, *Diccionario hispanoamericano de Heráldica, Onomástica y Genealogía*.

MONTENEGRO RÚA, Enrique Jorge, 2008,

PÉREZ CONSTANTI, 1998, *Linajes Galicianos.*

SORALUCE BLOND, José R. e FERNÁNDEZ FDEZ., Xosé, 2008, *Arquitectura da provincia da Coruña*, Vol. III.

SUÁREZ CAAMAÑO, José, 2005, *Nebra, un lugar por descubrir.*

TORRES DEL RÍO, Joaquín, 1997, *O antigo pazo dos Caamaño de Nebra*.

TORRES DEL RÍO, Joaquín, 2003, *O desaparecido pazo de Orellán.*

TORRES DEL RÍO, Joaquín, 2000, *A toponimia do Concello de Porto do Son*.

TORRES DEL RÍO, Joaquín, 2005, *Os apelidos do Concello de Porto do Son.*

VÁZQUEZ LIJÓ, Juan M., *Aproximación a la fiscalidad sobre la pesca*, CEG, Tomo XLVI.

VÁZQUEZ SEIJÁS, Manuel, 1962, *Fortalezas de Lugo y su provincia*.

VINAGRE LAGO, Carlos, 1954, 'Fiestas de Puerto del Son', *EL PORQUÉ DE UN NOMBRE Y UN TRATAMIENTO*.

ÍNDICE

I. PRESENTACIÓN:

a. DIFICULTADES PARA O ESTUDO DO ESCUDO MUNICIPAL.

b. A EFICACIA DE APLICAR UN MÉTODO COMPARATIVO CON OUTROS RELEVOS DO CONCELLO.

II. INTRODUCCIÓN:

a. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN CONSEGUIR.

b. UNHA OPORTUNA SERIE FOTOGRÁFICA

III. O ESCUDO MUNICIPAL DO CONCELLO DE PORTO DO SON:

a. ERROS E EQUÍVOCOS NAS PRIMEIRAS REPRESENTACIÓNS GRÁFICAS E BIBLIOGRÁFICAS.

b. AS INFLUENZAS ARTÍSTICAS DE VARIAS OBRAS DA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE NEBRA.

c. A IMPORTANCIA DO REPERTORIO DECORATIVO DA ESCOLA DE CANTEIROS DE PORTO DO SON.

d. UNHA APROXIMACIÓN Á ESTRUTURA PORTUARIA DOS SÉCULOS XIX E XX.

e. DESCRICIÓN ARTÍSTICA DOS DOUS TEMPLOS QUE LIMITAN A ENSEADA DA VILA.

IV. A APARICIÓN DUNHAS PERIGOSAS FENDAS NO ESCUDO NA PRIMAVERA DO ANO 2008

V. O FEÍSMO URBANÍSTICO Ó PÉ DO VELLO CONSISTORIO.

VI. UNHA POSIBLE MODIFICACIÓN DO ESCUDO.

VII. BIBLIOGRAFÍA